



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de xaneiro de 2025

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz (resolución 24/01/2025), o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(61).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(62).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DAS LICENZAS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DO SERVIDOR BASE DE DATOS INFORMIX E BACKUP CORPORATIVA TSM SPECTRUM PROTECT. EXPTE. 10535/113.

Visto o informe xurídico do 22/01/2025 e o informe de fiscalización do 23/01/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/01/2025, asinado polo xefe do

servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 13/11/2024 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, inicia o expediente coa finalidade da contratación do subministro das licenzas de actualización e mantemento do xestor de BBDD Informix, do conector Informix gateway e da ferramenta de backup TSM Spectrum Protect.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 13/11/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 18/11/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 30/12/2024, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 30/12/2024 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 30/12/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 21/01/2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 13/11/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente é ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa,

incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro das licenzas de actualización e mantemento do xestor de BBDD Informix, do conector Informix gateway e da ferramenta de backup TSM Spectrum Protect, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 13/11/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 18/11/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 30/12/2024, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 30/12/2024 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 30/12/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 21/01/2025.

SEGUNDO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **260.866,32 €**, que inclúe un I.V.E. de **45.274,32 €**, dende o 1 de abril de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Mantemento Software	9207.2279902	110.692,00 €	23.245,32 €	133.937,32 €
2026	Mantemento Software	9207.2279902	52.450,00 €	11.014,50 €	63.464,50 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	52.450,00 €	11.014,50 €	63.464,50 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(63).-PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DA COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DE VODAS E ACOLLEMENTOS CIVÍS CELEBRADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19277/101.

Visto o informe xurídico do 14/01/2025 e o informe de fiscalización do 22/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/01/2025, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 16.863,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.926,69 euros cunha porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 16 %.*
- b) Comprométese á realización e entrega da memoria mensual que conteña información sobre as incidencias ou calquera outra cuestión reseñable de interese para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Segundo.- O contrato entre o concello de Vigo e a mercantil SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) formalizouse en documento administrativo asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o día 20 de febreiro do 2023, na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio da primeira prórroga o día 21 de febreiro de 2024.

Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Terceiro.- Con data 16 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno Local acordou a primeira prórroga do contrato do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101).

Cuarto.- Con data 13 de decembro de 2024 comunícase a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) a finalización da primeira prórroga do contrato o día 20 de febreiro de 2025 e máis o pre aviso do inicio da segunda prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 21 de febreiro de 2025 ao 20 de febreiro de 2026, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Quinto A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poi-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

dan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Con data 12 de xaneiro de 2024 comunícase a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) a finalización do prazo inicial do contrato o día 20 de febreiro de 2024 e máis o preaviso da primeira prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, desde o 21 de febreiro de 2024 ao 20 de febreiro de 2025, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prorroga dun ano de duración do contrato “servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101), polo período comprendido entre os días 21 de febreiro de 2024 e o 20 de febreiro de 2025, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da segunda prórroga do contrato comprenderá entre os días 21 de febreiro de 2025 e o 20 de febreiro de 2026, ambos os dous incluídos.

Sétimo.- O importe do prezo da segunda prórroga é de 16.863,32 € (ive incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 2.926,69 €; e as cantidades por anualidades:

- Ano 2025: 14.000,00€ (ive incluído)
- Ano 2026: 2.863,32€ (ive incluído)

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do contrato “Servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo” (expediente 19.277-101), adxudicado pola

Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2023, a favor da mercantil SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980), sendo o período da segunda prorroga o comprendido entre os días 21 de febreiro de 2025 e o 20 de febreiro de 2026, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) dos orzamentos da Alcaldía os seguintes importes a favor de SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980):

a) O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano 2025:

Aplicación orzamentaria	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2025
9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS)	SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980)	11.570,24	2.429,76	14.000,00 €

b) O gasto que representa a prórroga no exercicio económico do ano 2026:

Aplicación orzamentaria	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2026
9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS)	SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980)	2.366,38	496,94	2.863,32€

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria dos indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

4(64).-SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GOBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2025. EXPTE. 276370/301.

Visto o informe xurídico do 11/12/2024 e o informe de fiscalización do 27/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/12/2024, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O Pleno do Concello de Vigo incluiu nos orzamentos xerais do exercicio de 2025 unha aplicación orzamentaria para o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional desde a Área de Política Social; a nº 2310.480.00.09 (“*Convocatoria subvencións cooperación*”).

I.2. Polo Servizo de Benestar Social elaboráronse unhas Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento destinadas a financiar proxectos de cooperación internacional no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da LXS, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

I.3. Para estes efectos, contouse no seu momento coa valiosa colaboración e as achegas dos integrantes do «Consello Sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade do Concello de Vigo», órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos e que ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación.

I.4. Ó abeiro da convocatoria de 2024 financiáronse un total de seis (6) proxectos, presentados polas entidades “ASOCIACIÓN AMAP-ASOCIACIÓN MUNDIAL AYUDA PUEBLOS NECESITADOS”, “SOLIDARIEDAD, EDUCACIÓN Y DESARROLLO”, “FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS”, “FUNDACIÓN AMIGÓ”, “ASOCIACIÓN AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES” e “ASOCIACIÓN HARAMBEE”, dirixidos á poboación de países como Uganda, Mozambique, Bolivia, Benín, Perú e Congo, en ámbitos de actuación tales como a soberanía alimentaria e o empoderamento das mulleres, a atención e educación infantil, o sostemento de comedores escolares, os servizos básicos de saneamento e a sanidade.

II. INFORME

II.1. Os proxectos a desenvolver ó abeiro desta nova convocatoria de axudas enmárcanse igualmente nos obxectivos e metas establecidas na Axenda 2030 das NNUU para o desenvolvemento sostible, que demanda unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas.

II.2. A concesión destas subvencións destinadas á execución de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2025 efectuarase de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade, de acordo coas Bases elaboradas. Estas subvencións están previstas na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 dos vixentes orzamentos municipais (“Convocatoria subvencións Cooperación”), destinando a tal fin unha cantidade de 60.000 €.

II.3. A competencia municipal para intervenir nesta materia deriva, tal como se xustifica expresamente na Exposición de Motivos das Bases, do previsto tanto na derogada *L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento*, como na vixente *L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global*, na *L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado*, na anterior *L.3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o desenvolvemento, de Galicia* (na que se consideraba ás entidades locais como “axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento”: Art. 23) e na vixente *L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia*, que derogou á precitada *L.3/2003, do 19 de xuño* e que establece tamén (Art. 98) que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos, a igualdade de xénero e a educación para a cidadanía global, entre outros.

II.4. En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervenir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica estatal e autonómica en materia de cooperación ó desenvolvemento.

II.5. O contido das Bases para a convocatoria de 2025 é moi semellante ó do exercicio de 2024, **introducíndose unicamente, por recomendación expresa da Intervención xeral municipal (informe de fiscalización de data 06.09.2024, anexado no trámite n.º 89 do Exp. n.º 262067/301¹) unha modificación puntual que afecta exclusivamente á Base 11ª, apdo. a), relativa ó criterio de valoración da experiencia da ONGD ou asociación solicitante e da contraparte, cuxo contido pasará a integrar agora o novo Anexo VII.**

1 “Observación con efectos na próxima convocatoria: En relación ao criterio a) experiencia da ONG ou asociación solicitante e da contraparte da Base 11ª, dada a complexidade da información que incorporan os proxectos das ONGDS solicitantes que dificultan as tarefas a realizar tanto do servizo xestor como do servizo fiscalizador, entendemos que o máis aconsellable é a elaboración por parte do servizo xestor dun anexo que recolla os diferentes apartados do criterio a) da Base 11ª e que deberá ser debidamente completado e asinado polas ONGDS solicitantes”.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Nas Bases da convocatoria de 2023 introducíranse dúas novidades salientables que se incorporan tamén agora ás de 2025 e que son as seguintes:

- a) A posibilidade de reformulación de solicitudes para axustar os compromisos e as condicións á proposta de resolución provisional, cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada (Base 10ª e Anexo VI).
- b) A previsión expresa da facultade da Comisión Avaliadora dos proxectos de establecer unha nota de corte ou limiar de puntuación, de tal xeito que só se valore a concesión de axudas a aquelas entidades que a superen, *“garantindo deste xeito tanto a calidade dos proxectos subvencionados como a súa viabilidade financeira”* (Base 10ª). En todo caso, esa puntuación mínima ou nota de corte deberá ser publicada na web municipal e constará na Acta da Comisión.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases do programa de «SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2025. CONCELLO DE VIGO (POLITICA SOCIAL)» e os seus Anexos I – VII (Exp. n.º 276370/301).

SEGUNDO: Autorizar o gasto por un importe total de 60.000 € para financiar este programa de subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (*“Convocatoria subvencións cooperación”*).

TERCEIRO: Facultar á Concelleira delegada da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude para autorizar previamente e de forma expresa as eventuais modificacións dos proxectos subvencionados, dando conta con posterioridade á Xunta de Goberno Local.

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítanse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (*“datos estruturados”*).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2025. CONCELLO DE VIGO (POLITICA SOCIAL).

BASES REGULADORAS

EXPOSICION DE MOTIVOS

I

A L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, posta en relación coa Constitución española de 1978 e os Arts. 2 e 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, habilitan expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos.

O lexislador estatal reconece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar ós actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Sinala tamén que os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer dito obxectivo e que esta cooperación poderá exercerse tamén a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades (Art. 37 L.1/2023).

Esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional aparecía xa recoñecida expresamente nas derogadas *L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento* e *L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento*, na que se consideraba ás Entidades Locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23) e encomendábaselle á Xunta de Galicia a implementación dunha política activa de colaboración cos concellos galegos, as Deputacións e demais Entidades Locais que destinasen recursos á cooperación para o desenvolvemento, pulando a participación dos concellos galegos en accións de cooperación para o desenvolvemento mediante a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

aplicación de instrumentos mancomunados como o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, consorcios intermunicipais e outros entes de análogas características (Art. 14.3).

Pola súa banda, a vixente L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que derogou a L.3/2003, do 19 de xuño, establece tamén (Art. 98) que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos, a igualdade de xénero e a educación para a cidadanía global, entre outros.

Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as Entidades Locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as Entidades Locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

A entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. Local (LRSAL), non afectou ó exercicio da competencia municipal nesta materia, por tratarse dunha competencia atribuída con anterioridade ás entidades locais mediante lexislación sectorial estatal (antes: L.23/1998; hoxe: L.1/2023) e autonómica (antes: L.3/2003; hoxe: L.10/2021), plenamente vixente.

Na mesma liña, na L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, sinálase claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio...»* (Disp. Adic. 1ª).

II

O Concello de Vigo formou parte desde o ano 1998, como socio de pleno dereito, do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» (FGCS), acordando por unanimidade (Pleno do 03.08.1998) a súa adhesión, aceptando os seus estatutos e declaración programática e asumindo o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual con destino ó financiamento de proxectos aprobados polo FGCS. Esta entidade sen ánimo de lucro de carácter municipalista tiña e ten por

obxecto desenvolver, desde Galicia, políticas de cooperación e de solidariedade cos países empobrecidos do mundo.

Os seus obxectivos foron expresamente recoñecidos xa na L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, na que se salientaba que a creación deste instrumento mancomunado de participación permitira a asunción por parte do municipalismo galego dunha liña de actuación propia, promovendo a participación en proxectos e programas de cooperación, evitando atomizacións ou duplicidades.

Na actualidade, a L.10/2021, considera ó FGCS como un dos interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento (Exposición de Motivos e Art. 98.2) e un dos axentes de cooperación para o desenvolvemento (Art. 96.3.a).

Ata o ano 2015 desenvolvéronse, mediante convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e o FGCS, diferentes proxectos de cooperación directa en países como Nicaragua, Mozambique ou Cabo Verde, que permitiron levar a cabo programas e actividades de construción de vivendas para persoas sen recursos, de apoio e dinamización de cooperativas de mulleres, medioambientais (xestión de residuos), de turismo rural, agricultura sustentable, etc.

Con todo, na súa sesión ordinaria do 28.09.2015 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de solicitar a separación voluntaria do Concello de Vigo do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade».

Así as cousas, fíxose necesaria a elaboración dunhas Bases que regulasen a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento destinadas a financiar proxectos de cooperación internacional, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da LXS, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

Para estes efectos, contouse coa valiosa colaboración e as achegas dos integrantes do «Consello Sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade do Concello de Vigo», órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos e que ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación.

Ó abeiro da convocatoria de 2024 financiáronse un total de seis (6) proxectos, presentados polas entidades “ASOCIACIÓN AMAP-ASOCIACIÓN MUNDIAL AYUDA PUEBLOS NECESITADOS”, “SOLIDARIEDAD, EDUCACIÓN Y DESARROLLO”, “FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS”, “FUNDACIÓN AMIGÓ”, “ASOCIACIÓN AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES” e “ASOCIACIÓN HARAMBEE”, dirixidos á poboación de países como Uganda, Mozambique, Bolivia, Benín, Perú e Congo, en ámbitos de actuación tales como a soberanía alimentaria e o empoderamento das mulleres, a atención e educación infantil, o sostemento de comedores escolares, os servizos básicos de saneamento e a sanidade.

Os proxectos a desenvolver ó abeiro desta nova convocatoria de axudas enmárcanse igualmente nos obxectivos e metas establecidas na Axenda 2030 das NNUU para o desenvolvemento sostible, que demanda unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

BASES

Base 1ª.- OBXECTO E FINALIDADE

O programa de subvencións destinadas á execución de proxectos de cooperación internacional intégrase no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 1-5: “Cooperación”), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143) e a súa concesión efectuarase segundo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade, de acordo coas presentes Bases, que teñen por obxecto regulamentar a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD).

De acordo co PES, os obxectivos estratéxicos que se pretenden lograr con estas subvencións son a mellora da calidade de vida da poboación de países desfavorecidos coa finalidade de erradicar a pobreza e as desigualdades de toda clase e a atención das necesidades vitais básicas das poboacións en zonas de conflito. Posibilítase a consecución destes obxectivos mediante o financiamento municipal de proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento, solidariedade, promoción e mellora das condicións de vida en países menos desenvolvidos que contribúan a acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible e concretamente a:

a) Satisfacer as necesidades básicas da poboación deses países, entendendo por tales as relacionadas coa alimentación, a vivenda, a saúde, a educación, os servizos sociais e/ou a implantación de pequenas infraestruturas. Estas accións deberán contar cunha certa permanencia ou estabilidade, excluíndose, polo tanto, os proxectos de axuda humanitaria dirixidos a paliar situacións transitorias derivadas de catástrofes ou semellantes.

b) Impulsar e executar accións de desenvolvemento local sostible e autosostido, entendendo como tales as orientadas ó desenvolvemento, á sostibilidade e a atención ás necesidades socio-económicas da poboación (prestación de servizos básicos de luz, auga, transporte, educación, rehabilitación de áreas urbanas...).

Os proxectos que se presenten á convocatoria non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión e deberán respectar a idiosincrasia da poboación beneficiaria e o seu medio ambiente.

Base 2ª.- PRIORIDADES TRANSVERSAIS DE CONCESIÓN

Para a concesión das subvencións consideraranse prioritarias aquelas accións encadradas nalgún dos seguintes supostos:

a) Que se trate de proxectos a desenvolver nalgúns dos países considerados xeograficamente estratéxicos no Plan Director de Cooperación Galega:

- África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau.
- América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú.
- América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua.

- Caribe: República Dominicana.

- Os considerados países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, recibirán a mesma valoración que os prioritarios, por seren países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional.

Así mesmo, terán a consideración de países prioritarios:

- Aqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación saharauí, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención.

- Aqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser India ou os países lusófonos.

b) Que se trate de proxectos destinados ós seguintes ámbitos estratéxicos incluídos no Plan Director da Cooperación Galega:

- AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
- AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
- AE 3. Impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.

c) Que incorporen as prioridades transversais da cooperación galega incluídas no Plan Director da Cooperación Galega:

- A erradicación da pobreza multidimensional.
- A equidade de xénero.
- A defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
- O enfoque baseado en dereitos humanos.
- O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.
- A equidade e a loita contra as desigualdades.
- A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

d) Que dean participación á poboación beneficiaria desde a súa elaboración e deseño ata a súa execución e avaliación.

e) Que dean continuidade a proxectos anteriores.

f) Que os proxectos propostos non substitúan a acción do Estado na prestación de servizos públicos.

g) Que contén coa participación dunha contraparte local que actuará como socio da entidade solicitante na execución e xestión dos recursos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

h) Que contén con experiencia no desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional.

BASE 3ª. COLECTIVOS PRIORITARIOS

Aínda que a cooperación internacional deba ter un enfoque integral e universalista, existen determinados colectivos que, pola súa situación de especial vulnerabilidade, deben ser obxecto dunha atención preferente, como son:

- As mulleres e nenas.
- A infancia e a mocidade, especialmente fronte á explotación e a exclusión do sistema educativo.
- A poboación refuxiada ou desprazada por razóns de conflito bélico, políticas, económicas, sociais, ambientais, con atención específica ós colectivos de infancia, muller, persoas maiores, persoas con diversidade funcional, etc.
- A poboación indíxena e as minorías étnicas.
- As persoas con diversidade funcional, as persoas enfermas sen recursos, persoas maiores dependentes, etc.

Base 4ª.- ENTIDADES BENEFICIARIAS: REQUISITOS

Poderán solicitar estas subvencións para a realización de proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento e sensibilización social as **ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD)** que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento ou ter solicitado dita inscrición na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ó desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades semellantes.
- d) Dispor da estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos, acreditando unha experiencia mínima demostrable de tres (3) anos realizando proxectos coa conseguinte capacidade operativa para isto.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en prohibición ningunha para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade cos artigos 10 da LSG e 13 da LXS.
- g) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.

h) Identificar ás contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso no proxecto con convenio ou carta de compromiso.

Base 5ª.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCIONES

A convocatoria estará dotada cun orzamento total de 60.000 €, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (“Convocatoria subvencions cooperación”) e á súa bolsa de vinculación.

O Concello de Vigo asumirá, como máximo, o 95% do custo total do proxecto, que deberá ser complementado coa achega do 5% restante, como mínimo. Esta achega pode facerse desde a entidade solicitante, o parceiro local e/ou a poboación beneficiaria, entidades privadas ou outras Administracións públicas. Dita achega poderá ser total ou parcialmente valorizada.

As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000 € por cada proxecto subvencionado e admítase a reformulación de solicitudes cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada.

Base 6ª.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

As solicitudes presentaranse directamente a través do Rexistro electrónico deste Concello ou dos demais previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP). Achegaranse debidamente cubertas segundo o modelo oficial (ANEXO I) aprobado con estas Bases, que estará dispoñible na web municipal www.vigo.org

De se achegar presencialmente a solicitude ou a documentación complementaria, requirirase a súa subsanación mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e a teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da L.38/2003 (LXS), establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións. A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes desde a publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no Taboleiro de Anuncios e Editos da Casa do Concello (<https://accesible-sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/>) e na páxina web www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que a seguir se relaciona. Deberá estar plenamente actualizada e redactada en calquera dos idiomas oficiais de Galicia. Se a documentación correspondente á contraparte local figurase nun idioma distinto deberá achegarse a súa tradución.
Base 7ª.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 01.07.2022, por tratarse dunha actuación na Ermida da Nosa Señora das Neves e no ámbito de protección integral e de amortecemento do xacemento arqueolóxico do castro do Monte da Guía (Ga36057001), autorizando as actuacións solicitadas para a mellora da iluminación do Monte da Guía coas seguintes condicións:

- As actuacións a executar limitaranse ao ámbito do Monte da Guía, excluindo o espazo

inmediato arredor da Ermida da Nosa Señora das Neves.

- Calquera modificación das características descritas neste informe ou outra intervención que se queira engadir, deberá ser novamente sometida a informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En tal caso, na nova proposta deberán detallarse claramente as obras a realizar, tendo en conta os criterios de conservación de materiais, elementos construtivos característicos e integración na paisaxe.
- Previo ás obras, para poder valorar arqueoloxicamente o subsolo afectado polas obras pretendidas, deberá ser presentado, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, un Proxecto de sondaxes arqueolóxicas manuais, realizado por arqueólogo/a competente, de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. En función dos resultados das sondaxes poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de que se localizasen restos arqueolóxicos inmoables, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario facer modificacións no proxecto.

Asemade, consta tamén no expediente, resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 21.02.2023, pola que se autoriza o proxecto de sondaxes arqueolóxicas para o proxecto de mellora da iluminación do Monte da Guía, coa afección dos xacementos de Castro do Monte da Guía (GA36057001).

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28 de xullo de 2023, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA”, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 24 de maio de 2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de decembro de 2023, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SIELVIGO, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da iluminación do Monte da Guía” (1665-441) cun prezo total do contrato é de 336.549,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 58.409,46 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi formalizado en data 20 de decembro de 2023, entre o Concello de Vigo e a empresa SIELVIGO, S.L.

4.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 29 de decembro de 2023, e previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA” aos Enxeñeiros Industriais Dna. CRISTINA CAMINO LOUREIRO e D. OSCAR PARGA RODRÍGUEZ. (Expte. 6351-443).

5.- En data 19 de xaneiro de 2024 asínase acta de comprobación de replanteo negativa, na que faise constar que a pesar da existencia da dispoñibilidade dos terreos que son conformes aos documentos do proxecto, ás características xeométricas da obra e a viabilidade do proxecto, a obra non pode ser iniciada xa que antes do inicio dos traballos deberase realizar unha actuación de sondaxes arqueolóxicas manuais previos, en cumprimento da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. (Expte. 6351-443).

6.- Con data 06.02.2024 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, resolveu autorizar e adxudicar á empresa Civis Global SLU o contrato menor para as obras de “execución do proxecto de sondaxes arqueolóxicas previas no ámbito do proxecto de mellora da ilu-

minación do Monte da Guía”, nomeando responsables do contrato e directores facultativos da obra aos técnicos municipais e enxeñeiros industriais, Oscar Parga Rodríguez e Cristina Camino Loureiro. (Expte. 1873-441)

Ditas sondaxes arqueolóxicas iníciáanse en data 20.04.2024 e rematan en data 10.06.2024, coa aparición de restos arqueolóxicos de importancia, polo que en data 24.06.2024 a arqueóloga Dona Elisa Pereira García remite informe valorativo dos resultados das sondaxes arqueolóxicas á Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra. (Expte. 6361-443).

7.- Tendo en conta os resultados das sondaxes arqueolóxicas e do informe valorativo das sondaxes elaborado pola dita arqueóloga, e de acordo coas instrucións recibidas por parte dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en data 25.06.2024 dende o Concello de Vigo, procedese a remitir unha proposta de modificación parcial do trazado das gabias da liña eléctrica de alumeado na zona, co fin de evitar calquera afectación aos restos arqueolóxicos descubertos. (Expte. 6361-443).

8.- Con data 19.07.2024 recíbese resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que resolve dar por rematada a intervención de sondaxes arqueolóxicas para o proxecto de mellora da iluminación do Monte da Guía, Vigo e permitir o inicio das obras baixo control arqueolóxico, consonte á nova proposta de trazado remitida polo Concello de Vigo. Ditas obras deberán realizarse baixo control arqueolóxico. (Expte. 6361-443).

9.- Con data 13.08.2024 asínase acta de comprobación de replanteo negativa nº2 indicando que “durante a realización das sondaxes arqueolóxicas manuais previos, autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural atopáronse ruínas arqueolóxicas con estruturas murarias na ladeira nordés do castro a moi pouca profundidade. Estas estruturas atópanse no camiño polo que iba a executarse a canalización de alumeado público para o palco recollida no



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

proxecto de obra. Considérase polo tanto necesaria a suspensión do inicio da obra para estudar o trazado desta canalización para non afectar á preservación dos restos arqueolóxicos". (Expte. 6351-443).

10.- Con data 20 de setembro de 2024, a Dirección Facultativa das obras emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de "MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA". (Expte. 1665/441).

Tendo en conta o anterior, o Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, previo informe proposta do servizo xestor, en data 25.09.2024, resolveu autorizar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de "MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA" (Expte. 1665/441).

11.- En data 2 de decembro de 2024, pola Dirección Facultativa da obra emítese informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras, co seguinte contido:

"(...)

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no Proxecto Modificado n.º 1.

II.1. Modificacións derivadas da aparición de elementos de protección arqueolóxica.

Durante a realización das sondaxes arqueolóxicas autorizadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no ámbito do proxecto de mellora da iluminación do Monte da Guía atopáronse ruínas arqueolóxicas con estruturas murarias na ladeira nordés do castro a moi pouca profundidade.

O proxecto contempla a execución dunha liña de alumado público no camiño no que constatouse a aparición destes elementos obxecto de protección arqueolóxica. Polo tanto, resulta necesario a modificación do trazado das gabias da liña eléctrica de alumado na zona, co fin de evitar calquera afectación aos restos arqueolóxicos descubertos. Esta modificación debe realizarse de acordo coa proposta de trazado autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na resolución recibida en data 19.07.2024. O novo trazado da liña modificada discorre en parte por unha zona de elevada

pendente e en parte pola gabia proxectada na marxe esquerda da calzada, sendo necesario incrementar un tubo nesta canalización para dar cobertura a liña de alumeado. No Anexo I amósanse os planos do trazado do proxecto orixinal e novo trazado.

En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións os seguintes capítulos do orzamento:

- **CAPÍTULO 2 RED DE ILUMINACIÓN PÚBLICA:**

Inclúense neste capítulo as variacións nas medicións das unidades de iluminación pública motivadas polas aparición de elementos de protección arqueolóxica.

A lonxitude deste novo trazado é menor, provocando unha diminución nas medicións das unidades de cableado, canalizacións e escavacións. Non obstante, a elevada pendente do terreo por onde discorre o novo trazado, limita o uso de medios mecánicos, sendo necesario aumentar as medicións das unidades de escavación mediante medios manuais. Tamén é necesario aumentar o tamaño dunha das arquetas para permitir a desviación da canalización.

Asemade, é necesario aumentar o número de canalizacións existentes na parte de trazado na que a liña modificada descorre pola mesma gabia que as outras liñas proxectadas, polo que é necesario incluír unha nova unidade de obra, con prezos contemplados no proxecto de obras, motivada pola aparición de elementos de protección arqueolóxica

- **CAPÍTULO 4 REPOSICIONES Y SERVICIOS AFECTADOS**

Inclúense neste capítulo as variacións nas medicións das unidades de obra de reposición de pavimentos afectados, a causa da menor lonxitude do trazado da liña de alumeado público, motivadas polas aparición de elementos de protección arqueolóxica.

- **CAPÍTULO 6 GESTIÓN DE RESIDUOS**

Inclúense neste capítulo as variacións nas medicións das unidades de obra, a causa da menor lonxitude do trazado da liña de alumeado público, motivadas polas aparición de elementos de protección arqueolóxica.

III. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

En relación á posibilidade de modificación do contrato, o apartado 6.B e 6.C das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

B) Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas con actuacións previas, rede de iluminación pública, rede eléctrica, reposición e servizos afectados, xestión de residuos e seguridade e saúde

C) Circunstancias que determinan a modificación:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

Tendo en conta o anterior, tanto os aspectos a modificar – as unidades de obra relacionadas con rede de iluminación pública, reposición e servizos afectados, xestión de residuos- como as circunstancias que determinan a modificación – aparición de elementos de protección arqueolóxica – teñen o seu encaixe no apartado 6 das FEC, polo que as modificacións recollidas no proxecto modificado nº1 axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.”

E do cal se extrae o seguinte resumen cuantitativo:

(...)

As modificacións propostas neste expediente conforme ao artigo 204 da LCSP, resúmese nas seguintes táboas:

		PROYECTO ORIGINAL (P.O)	PROYECTO MODIFICADO Nº1 (P.M.)	Modificación según Art. 204 de LCSP
CÓDIGO	RESUMEN	IMPORTE (€) E.M.	IMPORTE (€) E.M.	IMPORTE (€) E.M.
01	ACTUACIONES PREVIAS	11.170,43 €	11.170,43 €	0,00 €
02	RED DE ILUMINACIÓN PÚBLICA	161.260,89 €	161.368,33 €	107,44 €
03	RED ELÉCTRICA	43.831,47 €	43.831,47 €	0,00 €
04	REPOSICIONES Y SERVICIOS AFECTADOS	50.762,11 €	49.858,62 €	-903,49 €
05	SEGURIDAD Y SALUD	2.800,00 €	2.800,00 €	0,00 €
06	GESTIÓN DE RESIDUOS	4.507,66 €	4.481,77 €	-25,89 €
	TOTAL PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN	274.332,56 €	273.510,62 €	-821,94 €
	GASTOS GENERALES (13%)	35.663,23 €	35.556,38 €	-106,85 €
	BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	16.459,95 €	16.410,64 €	-49,31 €
	SUMA	326.455,74 €	325.477,64 €	-978,10 €
	BAJA (14,80000137%)	48.315,45 €	48.170,70 €	-144,75 €
	PRESUPUESTO DE ADJUDICACIÓN	278.140,29 €	277.306,94 €	-833,35 €
	IVA (21%)	58.409,46 €	58.234,46 €	-175,00 €
	PRESUPUESTO DE ADJUDICACIÓN CON IVA	336.549,75 €	335.541,40 €	-1.008,35 €

	Importe P.E.M.	Líquido	% respecto do P.E.M. orixinal
Modificación según Art. 204 de LCSP	-821,94 €	-1.008,35 €	-0,30 %
TOTAL	-821,94 €	-1.008,35 €	-0,30 %

“.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- As prerrogativas da modificación dos contratos.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Da modificación dos contratos.- O artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP): as modificacións previstas no PCAP e as modificacións non previstas.

III.- Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.- Neste caso o PCAP aprobado pola Xunta de Goberno local en data 28 de xullo de 2023 consta dun prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras polo procedemento aberto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17.12.2020 e publicado no perfil do contratante e dun anexo I - folla de especificacións do contrato subscrito pola técnica de administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 24 de maio de 2023.

Por outra banda, a cláusula 36 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares contempla no seu apartado 6, que na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no Anexo V.

IV.- As modificacións previstas.- En relación coas modificacións previstas, artigo 204 da LCSP, no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 28 de xullo de 2023, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas con actuacións previas, rede de iluminación pública, rede eléctrica, reposición e servizos afectados, xestión de residuos e seguridade e saúde.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.
- Límites da modificación: 20% sobre o prezo do contrato.

De acordo co informe técnico da dirección facultativa no seu apartado II. 1,– tanto os aspectos a modificar – *As unidades de obra relacionadas con rede de iluminación pública, reposición e servizos afectados e xestión de residuos*- como as circunstancias que determinan



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

a modificación – *aparición de elementos de protección arqueolóxica* – teñen o seu encaixe no apartado 6 das FEC.

En canto ao límite da modificación, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP alcanzan un total de **-1.008,35 euros, supoñendo o -0,30 do prezo do contrato.**

Polo que podemos concluír que a proposta de modificación contemplada no apartado II.1- Modificacións derivadas da aparición de elementos de protección arqueoloxica está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP.

V.- O interese público das modificacións propostas - A dirección facultativa argumenta no seu informe técnico, no apartado VII CONCLUSIÓN, as razóns de interese público das modificacións propostas ao sinalar o seguinte:

“(…)

As modificacións propostas no presente Proxecto Modificado N.º1 das obras de “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público, xa que permiten levar a bo termo a execución da obra proxectada, garantindo a preservación de restos arqueolóxicos de interese cultural e patrimonial e posibilitando a mellora dos espazos do Monte da Guía, mediante a implantación dunha nova iluminación máis eficiente enerxeticamente acorde á contorna natural e patrimonial na que se localiza a obra.”

VI.- Procedemento para a modificación dos contratos- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

- 1 Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- 2 Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
- 3 Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

- b Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que, no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, non é necesario remitir copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, xa que a contía do contrato non excede de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VII.- Do reaxuste da garantía definitiva- O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimentase variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O

reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

VIII- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa de data 02.12.2024, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 25.09.2024, en virtude do Decreto de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 22 de xuño de 2023, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia aos redactores do proxecto, consta audiencia aos mesmos, os cales manifestan a súa conformidade en data 02.12.2024. (ttes. 176, 181 e 182 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre o proxecto modificado e as modificacións propostas, e a conformidade deste, en data 02.12.2024.(ttes. 175, 179 e 180 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal de data 05.12.2024. (tte. 184 do expediente dixital)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

6º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que o prezo inicial do contrato non supera a contía de 6.000.000 euros, nin as modificacións non previstas superan o 20% do prezo inicial do contrato

7º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta o previsto no artigo 204 da LCSP.

8º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

9º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

IX.- Réxime de recursos.- Este contrato non está suxeito a regulación harmonizada nin supera a contía de 3.000.000 €, polo que contra este acordo que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo ou con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición (artigo 44 e 191.4 da LCSP).

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

X.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “MELLORA DA ILUMINACIÓN DO MONTE DA GUÍA” redactado pola dirección Facultativa da obra, D. Oscar Parga Rodríguez e Dña. Cristina Camino Loureiro, cun orzamento total que ascende a 335.541,40 €, o que supón un importe líquido minorado de -1.008,35 € (-0,30%) por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP.

2º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato, no prazo de 15 días contados dende a data de notificación do acordo de modificación consoante ao disposto no artigo 109.3 da LCSP.

3º.- Instar á mercantil SIELVIGO, S.L. (B-36823227), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

4º.- Proceder a publicación dos anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 da LCSP e no Portal de Transparencia no termos do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

5º.- Notifícase o presente acordo, que esgota a vía administrativa, aos interesados, e que contra o mesmo, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou dita Resolución, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(69).-REVISIÓN DAS TARIFAS DO APARCAMENTO DA PRAZA DE PORTUGAL PARA O ANO 2025. EXPTE. 4832/449.

Visto o informe xurídico do 21/01/2025 e o informe de fiscalización do 23/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/01/2025, asinado pola xefa do servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

A) ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Na data 23 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal.

SEGUNDO: Na data 14 de xuño de 2017 foi asinado o contrato entre o Concello de Vigo e a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A

TERCEIRO: Na data 8 de decembro de 2018 inicio a súa actividade a citado aparcadoiro, trala aprobación e execución do correspondente proxecto de obra e acondicionamento do aparcadoiro.

CUARTO: Na data 6 de febreiro de 2020 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientos y Servicios S.A. revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal . Expediente nº 2922/449

QUINTO: Na data 25 de marzo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientos y Servicios S.A. a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal para o ano 2022. Expediente nº 3557/449

SEXTO: Na data 2 de febreiro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientos y Servicios S.A. a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal para o ano 2023. Expediente nº 4013 /44

SEPTIMO: Na data 26 de xaneiro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientos y Servicios S.A. a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal para o ano 2024. Expediente nº 4432 /44

B) SOLICITUDE DE REVISIÓN TARIFARÍA

Na data 8 de outubro de 2024, D. Antonio Jimenez Torre actuando mancomunadamente con D. Pedro Luis Salvado Agapito, en representación da empresa EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736 solicita a revisión de tarifas do aparcadoiro da praza de Portugal, manifestando que de conformidade coa formula polinómica contida no prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión, corresponde un incremento de 11,3% % das tarifas iniciais. Non obstante din que a subida a aplicar ao usuario será dun 1,1 % xa que en febreiro de 2024 revisáronse as tarifas obténdose un KT 1,1010

Consultado o prego de condicións administrativas particulares aprobado na Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2015 e que rexe a concesión (expte. 429/449) comprobouse o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Na Cláusula 7ª do prego de prescricións administrativas particulares relativa ao canon concesional, nos nº 3 e 4, se establece:

3.- O canon proposto na oferta do licitador do contrato adxudicado, estará vixente sen revisión dende a data de adxudicación ata o 31 de decembro do ano seguinte ao que se inicie o servizo.

4.- O importe do canon será obxecto de revisión anual a partir do día seguinte á data prevista no apartado anterior, conxuntamente coas tarifas e na mesma porcentaxe, aplicándose a fórmula de revisión prevista na cláusula 8.3 deste prego.

As revisións autorizaranse por acordo da Xunta de Goberno Local.

E na Cláusula 8.3 do citado prego de prescricións administrativas particulares se establece a formula de actualización de tarifas e do canon :

a) A actualización das tarifas ou do canon require a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Para a actualización se empregará a seguinte fórmula:

$$\left[\frac{[(T - t) K_t]}{x(1 + y)} \right]$$

T= Tarifa aplicable ao usuario, I.V.E. Incluído.

t= Cota tributaria do IVE.

K_t = Factor de revisión do contrato.

Y= Tipo impositivo aplicable á operación.

Os índices específicos cuxas variacións serán de aplicación as respectivas ponderacións, serán os seguintes:

- Salarios.- Nivel salarial correspondente ao traballador coa categoría “axente de aparcadoiro” recollidos no apartado letra c.2 do artigo 39 do Convenio Colectivo Xeral de Ámbito Nacional para o Sector Aparcamientos e Garaxes (BOE 31/08/2009).
- Enerxía.- Índice oficial do custo da enerxía eléctrica.
- Conservación e mantemento da maquinaria e equipos.- Índice oficial do custo do cobre.
- Mantemento e conservación de edificios.- Índice oficial do custo do cemento.

E o factor de revisión calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$K_t = \frac{0,40 \times M_t}{M_o} + \frac{0,04 \times E_t}{E_o} + \frac{0,05 \times C_{ut}}{C_{uo}} + \frac{0,03 \times C_t}{C_o} + 0,48$$

Onde,

K_t = Factor de revisión resultante.

M = Salarios convenio nacional.

E = Índice custo enerxía eléctrica.

C_u = Índice custo cobre.

C = Índice custo cemento.

Os subíndices $_t$ y $_o$ correspóndense coa situación do factor no momento da revisión ou execución e no de licitación, respectivamente.

C) CALCULO DA TARIFA SOLICITADA

Para o calculo da tarifa aplícanse os índices correspondentes ao mes de setembro de 2023 últimos publicados no período a ter en conta para a presentación da solicitude de revisión das tarifas, índices comprobados por este servizo:

	outubro 2015	setembro 2023(últimos publicados)
M mano de obra	14007,530	15493,410
E enerxía	78,703	141,353
Cu cobre	85,647	128,562
C. cemento	100,145	144,774

$$K_t = \frac{0,40 \times 15493,410}{14007,530_o} + \frac{0,04 \times 141,353}{78,703_o} + \frac{0,05 \times 128,562}{85,647_o} + \frac{0,03 \times 144,774}{100,145_o} + 0,48$$

$$K_t = 1,113$$

Polo que as tarifas resultantes serían as seguintes :

Concepto	Tarifas oferta	Tarifa sen IVE	KT	Nova tarifa sin IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVA incl.)	0,0276 €	0,0228 €	1,113	0,0254	0,0307 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min. (IVA incl.)	0,0274 €	0,0226 €	1,113	0,0252	0,0305 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min. (IVA incl.)	0,0090 €	0,0074 €	1,113	0,0083	0,0100 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Importe abono diúrno automóbil residente (IVA incl.)	79,26 €	65,5036 €	1,113	72,8856	88,19 €
Importe abono nocturno automóbil residente (IVA incl.)	66,00 €	54,5455 €	1,113	60,6924	73,44€
Importe abono 24 h. automóbil residente (IVA incl.)	94,92 €	78,4473 €	1,113	87,2879	105,62 €
Importe abono diúrno motocicleta residente (IVA incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,113	1,8392	2,23 €
Importe abono nocturno motocicleta residente (IVA incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,113	1,3794	1,67 €
Importe abono 24 h. motocicleta residente (IVA incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,113	2,8507	3,45€
			1,113		
Importe abono diúrno automóbil xeral (IVA incl.)	6,00 €	4,9624 €	1,113	5,5216	6,68 €
Importe abono nocturno automóbil xeral (IVA incl.)	5,00 €	4,1322 €	1,113	4,5979	5,56 €
Importe abono 24 h. automóbil xeral (IVA incl.)	7,19 €	5,9430 €	1,113	6,6127	8,00 €
Importe abono diúrno motocicleta xeral (IVA incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,113	1,8392	2,23 €
Importe abono nocturno motocicleta xeral (IVA incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,113	1,3794	1,67 €
Importe abono 24 h. motocicleta xeral (IVA incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,113	2,8507	3,45 €

O incremento das tarifas en relación coas tarifas vixentes suporía un 1,1%.

Aplicando o mesmo KT ao canon inicial ofertado (118.000 €), de conformidade co disposto na cláusula 7. nº 4 do prego de prescricións administrativas particulares, supón un canon de 131.334 €.

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, Órgano competente para a aprobación da revisión de tarifas de conformidade co disposto na vixente lexislación en materia contractual, o seguinte :

ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736, a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal, como concesionario do mesmo para o ano 2025, sendo as tarifas máximas a aplicar as seguintes:

Concepto	Nova tarifa sin IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVA incl.)	0,0254	0,0307 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min. (IVA incl.)	0,0252	0,0305 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min. (IVA incl.)	0,0083	0,0100€
Importe abono diúrno automóbil residente (IVA incl.)	72,8856	88,19 €
Importe abono nocturno automóbil residente (IVA incl.)	60,6924	73,44€
Importe abono 24 h. automóbil residente (IVA incl.)	87,2879	105,62 €

Importe abono diúrno motocicleta residente (IVA incl.)	1,8392	2,23 €
Importe abono nocturno motocicleta residente (IVA incl.)	1,3794	1,67 €
Importe abono 24 h. motocicleta residente (IVA incl.)	2,8507	3,45€
Importe abono diúrno automóbil xeral (IVA incl.)	5,5216	6,68 €
Importe abono nocturno automóbil xeral (IVA incl.)	4,5979	5,56 €
Importe abono 24 h. automóbil xeral (IVA incl.)	6,6127	8,00 €
Importe abono diúrno motocicleta xeral (IVA incl.)	1,8392	2,23 €
Importe abono nocturno motocicleta xeral (IVA incl.)	1,3794	1,67 €
Importe abono 24 h. motocicleta xeral (IVA incl.)	2,8507	3,45 €

SEGUNDO: Aprobar a actualización do canon a abonar polo citado concesionario, de conformidade co previsto na cláusula 7, nº 4 e 8 de prego de condicións administrativas particulares, a contía de 131.334 €

TERCEIRO: Notificar o presente Acordo a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A . aos efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(70).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UE INDUSTRIAL II-04 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 5330/401.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/01/2025, asinado pola técnica xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que conta co ditame do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 21/01/2025, e di o seguinte:

Con data do 09.05.2024 (Cod. Sol.: W1100874-5077) tiña entrada no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, impreso de solicitude subscrito por Felipe Martínez Rodríguez, na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación, polo que, comunica a esta administración o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

acordo adoptado pola Asemblea xeral extraordinaria da Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», celebrada en data 29.04.2024 na que, entre outros, se acordou por unanimidade dos seus membros, aprobar inicialmente o «Proxecto de compensación da UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», elaborado polos arquitectos Pedro de la Puente Crespo e Alejandro Oitaven Lorenzo, e os avogados Francisco Javier García Martínez e Diana Rodríguez Domínguez, aos efectos do previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e elevar a súa presentación perante o Concello de Vigo, aos efectos da súa tramitación e aprobación definitiva consonte ao réxime legal aplicable, xuntando a súa solicitude a seguinte documentación: “Proxecto de compensación do ámbito UE-IND-II-04 San Andrés de Comesaña” de data abril de 2024, e certificacións dos acordos adoptados pola amentada asemblea, asinadas dixitalmente en data 06.05.2024 polo seu Secretario co VºBº do seu Presidente.

En atención ao instado, emítese o seguinte Informe xurídico con proposta de Acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. O Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31.07.2023, adoptou entre outros, o seguinte acordo: “(.) **PRIMEIRO:** Prestar aprobación definitiva a «Plan especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade “Global Fitness Sport, SL”, que inclúe a documentación técnica necesaria para a súa aprobación definitiva, inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 29.05.2023-Doc. núm. 230150861, e co COD.SOL.:W915714-4096-, achegada en soporte dixital, elaborada e asinada dixitalmente polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, con data maio de 2023. **SEGUNDO.** Ordenar a publicación do presente acordo no DOG (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento. **TERCEIRO:** O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/, e no Portal de Transparencia. **CUARTO:** Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón. **QUINTO:** Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 in fine do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. **SEXTO:** Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.(..).”

O referido PERI, foi publicado no DOG núm. 190 de data 05.10.2023, Normativa e Ordenanzas no BOPPO núm. 243, do 20.12.2023, e inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento urbanístico de Galicia, con data do 16.11.2023 e número de rexistro ROTPG/P/74/2023, tendo acadado plena vixencia e executividade.

I.II. Neste estado da tramitación, con data do 09.05.2024 (Cod. Sol.: W1100874-5077) tiña entrada no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, impreso de solicitude subscrito por Felipe Martínez Rodríguez, na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación, polo que comunica a esta administración o acordo adoptado pola Asemblea xeral extraordinaria da Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», celebrada en data 29.04.2024, na que entre outros pronunciamentos, acordou por unanimidade dos seus membros, aprobar inicialmente o Proxecto de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», elaborado polos arquitectos Pedro de la Puente Crespo e Alejandro Oitaven Lorenzo, e os avogados Francisco Javier García Martínez e Diana Rodríguez Domínguez, aos efectos do previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e elevar a súa presentación perante o Concello de Vigo, aos efectos da súa tramitación e aprobación definitiva consonte ao réxime legal aplicable; xuntando a súa solicitude a seguinte documentación: Proxecto de compensación do ámbito UE-IND-II-04 San Andrés de Comesaña de data abril de 2024, e certificacións dos acordos adoptados pola amentada asemblea, asinadas dixitalmente en data 06.05.2024 polo seu Secretario co VºBº do seu Presidente.

I.III. En atención ao instado, con data do 24.06.2024 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, ditou a seguinte *“RESOLUCIÓN: PRIMEIRO: Dispor o inicio do presente expediente, correspondente á tramitación do “Proxecto de Compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña»”, a instancia da súa Xunta de Compensación, solicitude formulada con data 09.05.2024 (Cod. Sol.: W1100874-5077), en base e de conformidade cos feitos e fundamentación xurídica exposta; SEGUNDO: De conformidade co previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, na súa relación co establecido no artigo 106 do mesmo corpo legal, someter o Proxecto de Compensación inicialmente aprobado pola Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», na asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 29.04.2024, ao preceptivo trámite de información pública polo prazo mínimo de un mes, a través da correspondente publicación no “Boletín oficial da provincia” e nun dos diarios de maior difusión da provincia, con notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento.)”*.

Con data do 09.07.2024 o Consello da XMU tomou coñecemento da referida resolución de incoación, en cumprimento das súas labores de control, que estatutariamente ten conferidas (artigo 10.3).

I.IV. Proseguíndose a tramitación nos termos invocados, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 28 de xuño de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 128, do 2 de xullo de 2024), na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial do Estado (número 274, do 13 de novembro de 2024).

Con data do 16.02.2024, a Xefa da oficina do rexistro da XMU, asina dilixencia, na que fai constar expresamente que, *de conformidade co previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, na súa relación co establecido no artigo 106 do mesmo corpo legal, sometéuse o “Proxecto de compensación da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña”, inicialmente aprobado pola Xunta de Compensación, na asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 29.04.2024, ao preceptivo trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 28 de xuño de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 128, do 2 de xullo de 2024), na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial do Estado (número 274, do 13 de novembro de 2024).* *Durante o dito período non se presentou escrito de alegación algún.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

En base a mesma, con data 14.12.2024, o secretario desta XMU co visto e praxe da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, estenden certificación de fin de exposición públicas, nos mesmos termos que a antedita dilixencia.

I.V. Elevado o expediente a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, con data 15.01.2025 emite informe técnico favorable, ao presente trámite de aprobación definitiva, do seguinte teor literal:

"(...) O ámbito correspondese cunha peza de solo urbano consolidado de 28.676 m². que conta coa ordenación detallada prevista no PERI de la UE -IND II- 04 de Santo André de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria de 31 de xullo de 2023 (DOG de 5/10/2023 e BOP de 20/12/2023).

Dito PERI é unha modificación dunha ordenación anterior (Estudo de Detalle con data 28/12/1996, expte. 3617/411, unha modificación do Estudo de Detalle con data 26/06/2000, expte. 5593/411, un Proxecto de Compensación con data 11/04/2002, expte. 4139/401, e o correspondente Proxecto de Urbanización con data 22/10/2007, expte. 4554/401). A modificación da ordenación basouse na posibilidade que ofrece o artigo 65.1 da LSG de que os planes parciais e os planes especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida no planeamento, sempre que teñan por obxecto a mellora substancial da ordenación urbanística vixente e a articulación dos espazos libres públicos e os volumes construídos, ou a eliminación de usos non desexables o a incorporación de outros necesarios.

A Xunta de Compensación está lexitimada para a presentación do proxecto e o equipo redactor cumpre cos requisitos sinalados de titulación e habilitación profesional, segundo o artigo 244 do regulamento da lei do solo de Galicia, RLSG. O contido do proxecto de compensación adaptase ao sinalado no artigo 249 do RLSG e seguintes, na súa relación co establecido no artigo 308.

O instrumento de xestión presenta certas particularidades, en atención aos antecedentes expostos, unha, as parcelas de orixe deste proxecto correspóndense coas as parcelas de resultado do proxecto de compensación do ano 2002; dúas, non existe a parcela de resultado onde se situe o aproveitamento municipal equivalente ao 10% do aproveitamento tipo, porque a cesión xa foi realizada no proxecto de compensación anteriormente aprobado e o Concello xa ten alleado dita parcela; e, por último, non existen parcelas onde se situen as reservas de solo para dotacións de espazos libres públicos nin de equipamentos, ao tratarse dun ámbito industrial-terciario no que non se establecen unas reservas mínimas, segundo o artigo 42.2. a) e b) da LSG.

O proxecto contén unha relación de propietarios e interesados, artigo 246 do RLSG, están acreditadas os títulos e as superficies, artigo 247 do RLSG, os bens de dominio público incluídos, artigo 248 do RLSG, Na memoria, artigo 250 do RLSG, consta a descrición das parcelas de orixe, artigo 251 do RLSG, non existen dereitos, edificacións, plantacións ou instalacións existentes que deban ser valoradas, artigo 252 do RLSG, non existen dereitos de realoxo e retorno, nin parcelas reservadas para a enaxenación. Descrición de parcelas de resultado, artigo 253 do RLSG, e a súa correspondencia, artigo 254 do RLSG, conta de liquidación provisional, artigo 257 do do RLSG, e planos, artigo 258 do RLSG.

Considerase que o proxecto de compensación cumpre co contido mínimo legal, respectando a superficie edificable total e os usos globais establecidos na ordenación detallada o PERI.

En canto a tramitación deste proxecto de compensación, e segundo o artigo 125.3 da Lei do Solo de Galicia, na súa relación co establecido no artigo 106, ó 21/06/2024 procedeuse ao inicio da tramitación e

someteuse, o Proxecto de Compensación inicialmente aprobado pola Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», na asemblea xeral celebrada en data 29.04.2024, ao preceptivo trámite de información pública polo prazo mínimo de un mes, a través da correspondente publicación no “Boletín oficial da provincia” e nun dos diarios de maior difusión da provincia, con notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento.

Segundo a certificación do 16/12/2024 do secretario da Xerencia municipal de urbanismo, no período de exposición ao público non se presentou escrito de alegación algún.

Polo anteriormente exposto informase favorablemente o proxecto de compensación e procede a aprobación definitiva do mesmo (...).

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

II.I. Normativa examinada

- – TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana)- Artigos 265 e seguintes,
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), e RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia- artigos 106 e seguintes),
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade dos actos de natureza urbanística,
- Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo
- O resto de disposicións que poidan afectar

II.II. Lexitimidade e competencia para a formulación do proxecto de compensación

De conformidade co disposto no artigo 245.1.c) do RLSG, no sistema de compensación o proxecto será formulado polos propietarios que reúnan máis do 50% da superficie do ámbito, ou pola xunta de compensación si esta estivera constituída.

O proxecto deberá estar subscrito por un/unha avogado/a e un/unha arquitecto/a; Dáse cumprimento ao invocado nos preceptos aludidos, nos termos indicados nos antecedentes de feito da presente, deste xeito, o proxecto elaborase a instancia da súa xunta de compensación e se redacta polos arquitectos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Pedro de la Puente Crespo e Alejandro Oitavén Lorenzo e os avogados Francisco Javier García Martínez e Diana Rodríguez Domínguez.

A competencia para iniciar o procedemento e aprobar inicialmente o proxecto de equidistribución se atribúe aos propios promotores do mesmo, sendo o Concello o competente para resolvelo definitivamente (art. 265.2 RLSG)

II.III. Ámbito e obxecto do proxecto de compensación

A constancia dos obxectivos do presente proxecto de compensación, reflíctense polo miúdo na Memoria integrante do dito documento, que non son outros que, transformar o parcelario orixinal, adaptándoo a zonificación da ordenación detallada prevista no Plan Especial de Reforma Interior da U.E. INDUSTRIAL II-04 San Andrés de Comesaña, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 31.07.2023; O acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 190, do 05.10.2023, normativa e ordenanzas no BOPPO Núm. 243, do 20.12.2023, e inscrito no rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo III, folia rexistral núm. 50, co número de rexistro ROTPG/P/74/2023, polo que ten acadado plena vixencia e executividade.

Atendendo ao seu contido e finalidade, no documento presentado defínense os dereitos achegados, distribúense os beneficios e cargas do planeamento e adxudícanse a propiedade e ao Concello de Vigo os terreos de resultado co aproveitamento que lles corresponde en función dos seus dereitos.

Tal e como establece o artigo 104.2 da LSG, enténdese por proxecto de equidistribución “a agrupación de predios comprendidos no polígono para a súa nova división axustada ao planeamento, coa adxudicación das parcelas resultantes aos interesados en proporción aos seus respectivos dereitos. Ademais, a equidistribución supón a determinación das indemnizacións ou compensacións necesarias para que quede plenamente cumprido, dentro do seu ámbito espacial, o principio da xusta distribución entre os interesados das cargas e beneficios da ordenación urbanística”.

O proxecto de equidistribución constitúe un instrumento para a execución xurídica do PERI definitivamente aprobado e contén todas as especificacións esixidas co contido do art. 105 da LSG e do artigo 260 do RLSG.

Obra no expediente, informe técnico favorable emitido pola arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, asinado en data 15.01.2025, no que se expón polo miúdo, o ámbito e obxecto do presente proxecto de compensación (trámite 88 do expediente electrónico), transcrito na súa literalidade no relato de feitos da presente.

II.IV. Contido, procedemento e tramitación

O contido da equidistribución concretarase nunha serie de documentos que se relacionan no artigo 249 do RLSG e a cuxo desenvolvemento se adican os artigos 250 e seguintes do RLSG.

O proxecto de equidistribución axustouse na súa tramitación as regras e determinacións previstas nos artigos 269 e seguintes do RLSG, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos.

Dado o anterior, procede neste intre, propor o ditado do acordo relativo a súa aprobación definitiva, (artigo 271 do RLSG; artigo 106.2 da LSG), que deberá recaer nun prazo máximo de tres (3) meses dende a conclusión do trámite de información pública. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, o instrumento de equidistribución entenderase aprobado por silencio.

Asemade, compre traer a colación o disposto no artigo 270 e concordantes do RLSG, e concluír que na tramitación do proxecto de equidistribución que nos ocupa, observáronse os trámites esixidos para a súa aprobación definitiva, consonte ao pautado nos preceptos que deixamos citados e, particularmente, segundo o disposto no artigo 271 do RLSG.

II.V. Regras xerais da equidistribución

Para a definición de dereitos achegados, valoración dos predios resultantes, regras de adxudicación en función da superficie dos predios iniciais, aprobación, efectos do acordo aprobatorio e inscrición no Rexistro da Propiedade do mencionado proxecto estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV do RLSG, ademais das disposicións aplicables do TRLSRU e Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

II.VI. O proxecto de equidistribución e o Rexistro da propiedade

Tal e como establece o artigo 68 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro e o artigo 5 do Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RHU), *“1. A iniciación do expediente de distribución de beneficios e cargas que corresponda ou a afección dos terreos comprendidos nunha actuación de transformación urbanística ao cumprimento das obrigas inherentes á forma de xestión que proceda, faranse constar no Rexistro mediante nota á marxe da derradeira inscrición do dominio das fincas correspondentes. 2. A nota marxinal terá unha duración de tres anos e poderá ser prorrogada por outros tres anos a instancia do órgano ou agrupación de interese urbanístico que solicitara a súa práctica. (...)”*.

Consonte ao artigo 272 do RLSG, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, procederase a súa inscrición no Rexistro da propiedade (art. 107.3 LSG)

A equidistribución inscribírase nos termos indicados na lexislación estatal e previa certificación administrativa expedida pola Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, na que conste a aprobación definitiva do proxecto e os seguintes documentos:

- a) Memoria, nos termos do artigo 250.
- b) Descrición das parcelas de orixe, co contido exixido no artigo 251.
- c) Descrición das parcelas de resultado de carácter patrimonial, presentando a documentación do artigo 253.3.
- d) Correspondencia, segundo o disposto no artigo 254.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

- e) Descrición das parcelas dotacionais públicas de cesión obrigatoria, co contido exixido no artigo 255.2.
- f) Plano en que se conteña a totalidade das parcelas de resultado e os terreos dotacionais,
- g) Documentación necesaria para efectuar operacións de actualización do tracto rexistral, ou outras con incidencia rexistral

En todo caso, serán aplicables as disposicións do Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (artigos 6 e concordantes).

A promotora do proxecto de equidistribución actualizará no Catastro a titularidade e configuración das parcelas, trala a súa aprobación definitiva.

II.VII. Efectos xurídicos reais da aprobación

O acordo aprobatorio do instrumento de equidistribución producirá a transmisión a esta administración, como urbanística actuante, en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria, para a súa incorporación ao patrimonio público do solo ou a súa afectación aos usos previstos no planeamento, a subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas correspondentes e a afectación real das parcelas adxudicadas ao cumprimento das cargas e pagamento dos gastos inherentes ao sistema de actuación correspondente (artigos 107 LSG e 274 RLSG).

A aprobación definitiva do instrumento de equidistribución habilita á administración para proceder á ocupación dos terreos e bens que, pola súa cualificación urbanística, deban ser obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta, e daqueles outros incluídos no ámbito que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización.

Nos sistemas de actuación indirectos, como é o caso, a referida habilitación esténdese tamén ao seu promotor ata o momento da recepción das obras de urbanización.

No presente procedemento, cédense obrigatoria e gratuitamente, e sen cargas, para este Concello, como administración urbanística actuante, tal e como se reflicte expresamente no proxecto de equidistribución axuizado, as seguintes parcelas de resultado:

- Parcela 05, destinada a viario público, dunha superficie adxudicada de 4595,00 m²,
- Parcela 06, destinada a viario público, dunha superficie adxudicada de 238,00 m²

II.VIII. Efectos económicos da aprobación

En canto aos efectos económicos da aprobación e ás afeccións das parcelas de resultado, cómpre remitirnos ao disposto no artigo 114 da LSG e, no seu desenvolvemento, nos artigos 257 e 276 do RLSG, e incidir en que, consonte ao instrumento de equidistribución, as parcelas de cesión obrigatoria son cedidas a esta Xerencia municipal de urbanismo, libre de cargas e gravames, ao asumir a xunta de compensación, todos os gastos e cotas de urbanización.

II.IX. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,

atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística; previo ditame do Consello da XMU (artigo 10.1d) dos Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, AD versión consolidada, aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 BOP núm.193, do 6.10.2010),

Por canto antecede, propónse a Xunta de Goberno local, previo sometemento do asunto ao preceptivo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, de consideralo procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «*Proxecto de compensación da UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña*», documento redactado polos arquitectos P.D.L.P.C e A.O.L, e os avogados F.J. G.M e D.RD, en data abril de 2024, formulado e inicialmente aprobado en data 29 de abril de 2024, pola asemblea xeral extraordinaria da súa Xunta de Compensación -segundo certificacións asinadas dixitalmente en data 06.05.2024 polo seu Secretario co visto e prace do seu Presidente- para a execución xurídica e desenvolvemento da ordenación detallada prevista no PERI da UE-IND II-04 Santo André de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 31.07.2023(DOG núm. 190 de data 05.10.2023, Normativa e Ordenanzas no BOPPO núm. 243, do 20.12.2023, e inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento urbanístico de Galicia, con data do 16.11.2023 e número de rexistro ROTPG/P/74/2023)

SEGUNDO.: Unha vez firme en vía administrativa o presente acordo de aprobación definitiva, será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade núm.3 dos de Vigo, por conta da Xunta de compensación e nos termos indicados na lexislación estatal, previa certificación administrativa expedida por este Concello na que conste a aprobación definitiva do proxecto e demais circunstancias que se determinan no artigo 272 do RLSC.

Na inscrición rexistral das parcelas de resultado, deberá incluírse anotación na que se recollerá expresamente que, as mesmas quedarán gravadas coa carga de responder e abonar ao Concello de Vigo, a cantidade de catrocentos corenta e cinco mil oitocentos dezasete euros (445.817 euros), derivada do fallo da sentenza núm. 00021/2023 ditada polo Xulgado de Primeira Instancia núm. 7 de Vigo, no P.O 559/2020. Carga que caducará no caso de que se produza a anulación do fallo indicado.

As parcelas de resultado que non sexan de cesión obrigatoria quedarán gravadas e afectas, con carácter real, ao pagamento das cantidades que a cada unha correspondan na conta de liquidación provisional do proxecto polos gastos de urbanización do polígono e, no seu día, ao saldo definitivo da conta de liquidación definitiva que deberá ser comunicada no seu día pola promotora, co correspondente certificado acreditativo da súa aprobación, tendo esta afección -que se fará constar expresamente no dito rexistro da propiedade mediante nota marxinal- a mesma preferencia e duración ca normativamente establecida para a conta do procedemento reparcelatorio. Con anterioridade á inscrición, a promotora do proxecto de equidistribución instará a actualización no Catastro da titularidade e configuración das parcelas, por mor do reparcelamento aprobado.

TERCEIRO.: Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como na sede electrónica do Concello de Vigo, no seguinte enderezo https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=cas, no apartado de Xestión/Execución do planeamento, e proceder a súa notificación de xeito individualizado a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que, perante o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante esta administración municipal no prazo dun (1) mes, ou directamente



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses.

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente, decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(71).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN ILLADA Nº 2 (AA2) DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU/1993 PARA A REORDENACIÓN DO ÁMBITO BARRIO DO CURA. EXPTE. 282/413.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/01/2025, asinado pola técnica xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que conta co ditame do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/01/2025, e di o seguinte:

I. Antecedentes e Feitos

I.I. Cómpre traer a colación como antecedentes e feitos máis salientables do que trae causa o presente expediente expropiatorio os que seguen:

Con data do 23.07.2021, o Pleno do Concello de Vigo acordou, prestar aprobación con carácter definitivo á «Modificación puntual do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura» (Exp. 16980/411);

En cumprimento do disposto no amentado acordo plenario de aprobación definitiva, procedeuse a súa publicación no Diario Oficial de Galicia núm.160 do 20.08.2021, e das súas normas e ordenanzas no BOP núm.217 do 11.11.2021, polo que ten acadado plena eficiencia e executividade.

No devandito instrumento de ordenación, e de conformidade co previsto no artigo 103 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en diante LSG) delimitase a actuación illada núm. 2- AA2- destinada a completar o viario e a zona verde prevista pola MP/PXOU 93 reordenación Barrio do Cura; a obtención dos terreos necesarios se realizará mediante a aplicación dos mecanismos previstos no artigo 129.1 da LSG e en similares termos no artigo 315.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, (en diante RLSG), para a obtención de terreos de sistemas xerais e locais no solo urbano consolidado mediante a expropiación forzosa.

En data 15.11.2021 subscribiuse o "Convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura, S.L.U. para o desenvolvemento da modificación puntual do "PXOU 1993", recollendo na súa estipulación Segunda B), que, *o custe da obtención dos terreos e a execución da urbanización serán afrontados polo BCD SLU obrigándose o Concello a tramitar os procedementos legais para a obtención e posta a disposición dos terreos.*

I.II. Actuacións administrativas realizadas no expediente expropiatorio

I.II.I. Cumprimento dos requisitos previos

Constan realizados os seguintes trámites/requisitos previos no presente procedemento expropiatorio, isto é, a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación-, que se produce co acordo adoptado o Pleno do Concello de Vigo en data 23.07.2021 polo que se aproba definitivamente, a Modificación Puntual do PXOU de 1993 para a ordenación do Barrio do Cura, publicado no DOG n.º 160, de 20 de agosto de 2021 e BOP de 11 de novembro de 2021, no que se integra a AA nº 2, segundo o artigo 42.2 do RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TRLSRU e o artigo 85.1 da LSG e o 202 do RLSG na que indicase que a aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico, implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fines da expropiación, cando ditos instrumentos habiliten para a súa execución e esta teña que producirse por expropiación,

O inicio do procedemento, prodúcese coa achega en data 08.07.2022 por parte da entidade Barrio do Cura, SLU do “Proyecto de Expropiación por tasación conjunta del inmueble sito en la calle Santa Marta nº 36, Vigo, correspondiente a la Actuación Aislada nº 2 (AA2) da Modificación Puntual del PGOU, para la ordenación del ámbito del Barrio del Cura”, co contido mínimo esixido, de conformidade co informe técnico de data 09.08.2023.

De conformidade co disposto nos artigos 118 e seguintes LSG, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do RLSG) o proxecto de expropiación, con todos os documentos que o integran, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria de data 20.10.2023; e sometido ao preceptivo trámite de información pública durante un prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Diario oficial de Galicia núm.225 de data 27.11.2023 e nun diario dos de maior circulación da provincia (Faro de Vigo, de data 03.11.2023), na sede electrónica municipal, e nos suplementos de notificacións do BOE núm.309 e núm. 311, de datas 27.12.2023 e 29.12.2023. Así mesmo, as taxacións notificáronse individualmente aos titulares de bens e dereitos no expediente, con traslado literal da folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, e así consta acreditado no expediente electrónico de razón.

Obra no expediente dilixencia da xefa do rexistro da XMU de data 30.01.2024, así como certificación do secretario da XMU co visto e praxe da Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, de data 31.01.2024, verbo do resultado da información pública realizada, e das alegacións achegadas no dito trámite.

Neste estado da tramitación, con data 20.12.2024 a entidade Barrio do Cura Desenvolvemento, SLU, presenta no rexistro electrónico desta XMU, escrito polo que comunica a esta administración, o acordo formalizado en data 12.12.2024 con todos/as propietarios/as e titulares de bens e dereitos afectados, no que atinxe ao prezo xusto expropiatorio, o cal pon fin ao presente procedemento, por mutuo acordo entre as partes. No dito acordo recollese o xustiprezo de todos os bens e dereitos expropiados, así coma o realoxo recoñecido e as condicións de aloxamento temporal e o réxime de garantías. Con posterioridade, en data 16.01.2025, (Doc. Número 250010366) a entidade Barrio do Cura Desenvolvemento, S.L.U presenta documentación complementaria, xuntando o acordo completo alcanzado con todos os titulares de bens e dereitos afectados.

Pola súa banda, en data 14.01.2025 (Doc. Núm. 250009158), María Isabel Mondejar Otero, en calidade de representante de todos os propietarios de bens e dereitos afectados polo presente expediente de expropiación, insire escrito no rexistro electrónico desta XMU, expresando a súa conformidade ao dito acordo alcanzado entre as partes, e da traslado dunha relación actualizada dos titulares que resultan afectados. Posteriormente, con data 16.01.2025- Doc.núm. 250009561, presenta no rexistro electrónico desta XMU escritura de aceptación e manifestación de herdanza de 23 de abril de 2024 dun dos titulares.

Finalmente, con data 22.01.2025 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, emite informe técnico, a vista da documentación achegada respecto ao mutuo acordo acadado entre as partes, (trámite 499 do expediente electrónico)

II. Fundamentos de Dereito/ Valoración Xurídica



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

II.I. Normativa examinada

TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

A Modificación Puntual do PXOU de 1993 para a ordenación do Barrio do Cura, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello con data 23.07.2021 DOG n.º 160, de 20 de agosto de 2021 e BOP de 11 de novembro de 2021 ,

LEF, do 16.12.1954, de Expropiación Forzosa; Decreto do 26.04.1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa,

Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

II.II. Da non necesidade de determinación do prezo xusto: Mutuo acordo (artigo 24 LEF)

A administración e os expropiados poderán convir libremente e por mutuo acordo a adquisición dos bens e dereitos que son obxecto de expropiación, en calquera momento do procedemento, e cuxo caso, unha vez conveniados os termos da adquisición amistosa, darase por concluído o procedemento expropiatorio

Deste xeito o acordo entre as partes alcanzado, nos termos expostos no informe técnico de data 22.01.2025, se recollerá nas actas de mutuo acordo, o cal porá fin ao procedemento expropiatorio.

II.III. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística; previo ditame do Consello da XMU (artigo 10.1d) dos Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, AD versión consolidada, aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 BOP núm.193, do 6.10.2010),

Por canto antecede, propónse a Xunta de Goberno local, previo sometemento do asunto ao preceptivo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, de consideralo procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento do acordo subscrito en data 12 de decembro de 2024 entre a entidade BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. e a totalidade dos titulares de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio en virtude do cal alcanzaron un mutuo acordo sobre o xustiprezo nos termos que figuran recollidos nese documento, aportado ao expediente o 16 de xaneiro de 2025 (COD. SOL.: W1234783-5329. Doc. Núm. [250010366]).

SEGUNDO: Desestimar as alegacións formuladas durante o trámite de información pública, en tanto en canto quedan sen obxecto en virtude do mutuo acordo alcanzado cos afectados.

TERCEIRO: Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «Proxecto expropiatorio do inmovible sito na Rúa Santa Marta núm. 36 de Vigo, correspondente á actuación illada núm. 2 (AA2) da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do Barrio do Cura», que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 03.08.2023 (COD. SOL.: W954410-921; Doc. Núm. 230263195), redactada conxuntamente pola avogada Carmen María Abuín Fernández (colexiada núm. 2942 do Ilustre colexio de avogados de Vigo) e o arquitecto César Álvarez Arines (colexiado núm. 2295 do Ilustre colexio de arquitectos de Galicia), de data 02 de agosto de 2023, que inclúe informe técnico de valoración elaborado polo arquitecto Germán Carballeira Martín o 23 de xaneiro de 2023 (colexiado núm. 2.747 do Ilustre colexio de arquitectos de Galicia); coa incorporación da rectificación dos xustiprezos fixados nos escritos presentados o 20 de decembro de 2024 (COD. SOL.: W1226579-7205; Doc. Núm. [240395960]) e o 16 de xaneiro de 2025 (COD. SOL.: W1234783-5329. Doc. Núm. [250009561]) e no acordo subscrito con todos os titulares de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio, de data 12 de decembro de 2024 (COD. SOL.: W1234783-5329. Doc. Núm. [240395960]).

CUARTO: De conformidade co artigo 118.10 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, este acordo de aprobación definitiva implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados.

QUINTO: O pago do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6º, 7º e 8º do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

SEXTO: Notificar individualmente o presente acordo ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos no expediente, co xustiprezo definitivo fixado por mutuo acordo.

SÉTIMO: Requirit a BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. o pago por importe dos xustiprezos a favor dos interesados, de conformidade co mutuo acordo alcanzado.

OITAVO: Citar ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos no expediente para proceder ao pagamento do xustiprezo e ocupación dos inmovibles ocupados, actuacións que terán lugar os días 25e 26 de febreiro do 2025 a partir das 10:00 horas no edificio administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n.

NOVENO: Unha vez levantadas as actas de ocupación, remitirase o expediente ao Rexistro da Propiedade para a práctica dos asentos que correspondan.

DÉCIMO: Facultar á Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, para o impulso e realización dos trámites administrativos correspondentes á convocatoria do pago do importe do xustiprezo e ao levantamento das actas de ocupación (artigo 118.11 da Lei 2/2016).

DÉCIMO PRIMEIRO: Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación deste acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado competente, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa

Non obstante, o presente informe proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente para resolver, decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Vigo Convention Bureau durante o exercicio 2025. Expte. 8801/104.
- .- Procedemento para a imposición de penalidades á compañía aérea Ryanair dac, por incumprimento do contrato de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025. Expte. 8712/104.
- .- Adxudicación da contratación dos servizos auxiliares e mantemento da sala de estudo, da aula da uned de vigo e outros espazos no edificio auditorio-pazo de congresos. expte. 97465/332.
- .- Prórroga do contrato de prestación do servizo sanitario asistencial de CEDRO. Expte. 2740/315.
- .- Expediente de contratación do subministro e instalación de elementos de xogo para o parque infantil de Miranaia.Expte. 51187/446.
- .- Revisión tarifas transporte urbano Viguesa de Transportes S.L. Expte. 4855/449.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

12(72).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU DURANTE O EXERCICIO 2025. EXPTE. 8801/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

Visto o informe xurídico do 22/01/2025 e o informe de fiscalización do 29/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/01/2025, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Con data 10.01.25 a Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2025. Así mesmo, achega o Plan de actuación e orzamento 2025 e a certificación de non débedas co Concello de Vigo, certificación de non débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e con Facenda, así como a certificación da conta bancaria, e o certificado acreditativo de aprobación do plan de actuación e orzamento 2025 no padroado de data 8 de xaneiro de 2025, e o certificado de representación para presentación mediante vía telemática ante o Concello de Vigo de escritos, solicitudes e documentación relacionados coa administración e xestión da FVCB, completando a documentación necesaria para a tramitación da transferencia ordinaria á FVCB.

LEXISLACION APLICABLE

- a) Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- b) Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- d) RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (LXS)
- e) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- f) Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria
- g) RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,
- h) Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- i) Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.
- Promoción da cidade como destino MICE.

A finalidade da fundación está ligada as competencias municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), e artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e concretamente en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

SEGUNDO.- DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

A FVCB solicita primeiro pagamento do da transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2025.

No orzamento municipal consta consignación presupostaria por importe de 225.000€ en concepto de transferencia de financiación.

O artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración, cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertencen, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública e o artigo 38 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia dispón que *<<.. no tienen la consideración de subvenciones las aportaciones dinerarias nominativas a favor de los organismos y de las entidades vinculadas o dependientes de la Administración de la comunidad autónoma destinadas a financiar global o parcialmente su actividad con carácter indiferenciada>>*

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións,

Aos efectos de proceder o pagamentos das achegas a FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2025 (Nº de documento 250006659 e 250006659) xunto coa seguinte documentación

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Número de conta bancaria.
- Plan de actuación e orzamento 2025.
- Certificado acreditativo de aprobación do plan de actuación e orzamento 2025 no padroado de data 08.01.25
- Certificados acreditativos da representación para presentación mediante vía telemática ante o Concello de Vigo de escritos, solicitudes, documentación relacionados coa administración e xestión da FVCB de datas 19.02.24 e 09.01.25.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Así mesmo consta no expediente certificado de non débedas co Concello de Vigo de data 17.01.25

Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2025 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos aprobouse na reunión do Padroado que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2025.

Por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 e posterior de data 01 xullo de 2024 estableceu a estrutura da administración do Concello de Vigo: Delegación de competencias e Decreto do Alcalde área de Goberno de Política social, Turismo e Xuventude de data 28.06.24, BOPPO 10.07.24, Nº 134, que recolle entre outras funcións, a coordinación e dirección do turismo MICE e as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2025 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

TERCEIRO.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA.-

No orzamento consta consignación orzamentaria por importe de 225.000 euros en concepto de “Aportación ordinaria FVCB” na partida orzamentaria 4320.4890000 do ano en vigor.

Por todo o exposto e coas conformidades da Concelleira delegada da área de Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 225.000€ (dous centos mil), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- a) Primeiro pago de 112.500€ ingresarase tras a adopción do acordo da Xunta de Goberno Local.
- b) Segundo pago de 112.500€, ingresarase na segunda quincena de xuño do 2025.

2.- A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4890000 “Aportación ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau” do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

SEGUNDO.- Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.- REPRESENTACIÓN

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB", entre as súas funcións destaca segundo o art.15, "Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

- 1.- Desenvolver o Plan de actuación presentado en data 10.01.25, asumindo a totalidade dos gastos que xere. A Concellería de Turismo do Concello de Vigo, non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio orzamentario.
- 2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas.
- 3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo.
- 4.- Colaborar coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo, en cantas actuacións turísticas realice.
- 5.- Comunicar á Concellería de Turismo do Concello de Vigo, coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

- 1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.
- 2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2025.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte da Concellería de Turismo do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualiza-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

ción do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregarase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira delegada de Xuventude e Turismo do Concello de Vigo e posicionarse en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira delegada da área de Política social, Turismo e Xuventude a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de Política social, Turismo e Xuventude.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB

A FVCB achegará á Concellería delegada da área de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exerci-

cio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no perfil de transparencia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(73).- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES, Á COMPAÑÍA AÉREA RYANAIR DAC, POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA COA CIDADE DE LONDRES, DURANTE OS ANOS 2023-2025. EXPTE. 8712/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

Visto o informe xurídico do 29/01/2025 sométese a aprobación o informe-proposta do 30/01/2025, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola secretaria de Administración Municipal, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada de área de 11.10.2024 acordouse:

***“PRIMEIRO.-** Incoar o procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 31.662,2688€ (2,1108% do prezo do contrato, IVE excluído), no contrato de servizo de promoción turística do destino Vigo, a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025, polo incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario (non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024) na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato, tipificado como incumprimento moi grave na cláusula 35. 5 K dous PCAP.*

***SEGUNDO.-** Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos”.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Dita resolución foi notificada e recibida pola empresa con data 14.10.2024.

Por rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 recíbense alegacións de RYANAIR DAC ao trámite de audiencia realizado.

Con data 29.01.2025 emito informe sobre as alegacións presentadas, cuxo tenor literal é o seguinte:

"INFORME

ANTECEDENTES.

I.- En data 3 marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda:

"Adxudicar a RYANAIR DAC (N0072244G) o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.815.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 315.000,00 euros.*
- b) Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa cidade de LONDRES que non están comercializadas na data de publicación do anuncio de licitación:*
 - 19.700 prazas para o ano 2023.*
 - 25.400 prazas para o ano 2024.*
 - 27.000 prazas para o ano 2025.*
- c) Propón un incremento do número de frecuencias aéreas semanais sobre o mínimo establecido na terceira anualidade do contrato:*
 - 3 frecuencias na temporada de inverno.*
 - 3 frecuencias na temporada verán.*

O contrato ten por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo no mercado británico, co obxecto final de atraer turistas procedentes deste mercado, vinculada á conectividade aérea directa coa cidade de Londres. Precisamente para dar cumprimento ao devandito obxectivo final, de procura dun retorno do contrato, materializado nun incremento na chegada de turistas procedente deste mercado británico, contrátanse unha serie de accións de promoción coas que se pretende conseguir o impulso do turismo, a diversificación da oferta e a desestacionalización da demanda, mediante a posta en valor dos recursos turísticos da cidade vinculados á creación de novos roteiros co destino Vigo, co fin, non só de achegar un maior número de visitantes, senón tamén de potenciar o uso do aeroporto de Vigo.

Para dar cumprimento a este obxectivo, o Prego de Prescricións Técnicas do contrato recolle na súa cláusula quinta, as condicións para a determinación dos destinos da promoción turística, dispoñendo que o adxudicatario deberá establecer un conexión aérea directa entre o aeroporto de Vigo e un dos seguintes aeroportos de Londres: Heathrow, Gatwick, Stansted ou Luton, que deberá operarse cos seguintes parámetros:

ANO	SEMANAS	PERÍODO	FRECUENCIAS
-----	---------	---------	-------------

2023	31	01/04 - 31/10	3
	8	01/11 - 31/12	2
2024	13	01/01 - 31/03	2
	31	01/04 - 31/10	3
	8	01/11- 31/12	2
2025	13	01/01 - 31/03	2
	31	01/04 - 31/10	3
	8	01/11 - 31/12	2

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas establece na súa cláusula 16, os criterios de adxudicación do contrato, e no seu apartado B) os criterios avaliábles a través de fórmula, “Número total de prazas ofertadas anualmente con conexión directa”, valorándoas con ata 45 puntos e dispoñendo as seguintes condicións:

- Non se terán en conta o número de prazas ofertadas que xa estean comercializadas no momento de inicio da licitación.
- So se computarán as prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo.
- Establécese un mínimo de frecuencias semanais:
 - 2 na temporada de inverno (meses de novembro a marzo)
 - 3 na temporada de verán (meses de abril a outubro)

Establecendo que as ofertas que non igualem ou melloren estas frecuencias serán excluídas da licitación.

II.- En data 11 de outubro de 2024 se incoa o procedemento de imposición de penalidades, á compañía aérea Ryanair Dac, por incumprimento do contrato de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023, 20204 e 2025, establecendo no punto II.- REQUIRIMENTO DO CUMPRIMENTO DE FRECUENCIAS ESTABLECIDAS NO CONTRATO, o seguinte:

“A técnica que subscribe, ten coñecemento informal (alleo á compañía) do incumprimento das frecuencias e solicita en data 11 de xullo, vía E-mail, á compañía Ryanair, que informen sobre a planificación da operativa aérea prevista durante o período estival, por falta de resposta solicítase de novo o día 18 de xullo. Ante a reiterada omisión de resposta, o Servizo de Turismo require manter unha reunión telemática coa compañía, o día 22 de xullo. Na devandita reunión a compañía Ryanair traslada o feito xa consumado, de redución dunha frecuencia semanal no mes de xullo por problemas na subministración de avións. Na mesma reunión, o Concello de Vigo insta á empresa para comunicar e a acreditar formalmente as presuntas causas sobrevidas, que obrigaron á empresa á redución das frecuencias e a presentar unha proposta de recuperación das frecuencias non operadas.

III.- En data 26 de xullo, vía E-mail, recíbese no Servizo de Turismo unha carta enviada pola compañía Ryanair, nos seguintes termos:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

“Ryanair e Vigo gozaron dunha longa e exitosa asociación desde que comezamos a operar na cidade en 2016. Máis recentemente, a licitación publicada polo Concello de Vigo permitiunos lanzar un novo roteiro a Londres Stansted no verán de 2023, aumentando a capacidade de Ryanair no aeroporto nun impresionante 75% en comparación co verán anterior. Este ano, Ryanair transportará aproximadamente a 100,000 pasaxeiros en total e segue sendo a única aerolínea que conecta Vigo cun destino internacional.

Como discutimos, os atrasos de entrega moi públicos e continuos de Boeing resultaron en que Ryanair estivese 17 avións curtos para o verán de 2024. Isto significou que Ryanair tiña menos avións dos planeados neste roteiro. Por tanto, esperamos que estea de acordo en que esta redución non planificada no roteiro Londres Stansted - Vigo debe considerarse un evento de forza maior, xa que estas carencias de aeronaves están completamente fora do control de Ryanair, e Ryanair seguirá recibindo a totalidade do orzamento de márketing segundo o noso contrato (Ref. 8283/104).

Confío en que isto aclare o asunto. Espero recibir a carta adicional para emendar o noso acordo e reflectir esta redución acordada en capacidade á luz deste evento de Forza Maior, que non terá impacto no orzamento de marketing de 2024 pagadero a Ryanair.”

IV.- En consecuencia, o Servizo de Turismo emite a seguinte resposta á compañía Ryanair, pola mesma vía (E-mail), en data 2 de agosto:

“Á vista da carta asinada pola compañía Ryanair, recibida o 26 de xullo de 2024, froito da reunión telemática mantida o 22 de xullo de 2024, desde este Concello de Vigo queremos trasladar que a reunión non tivo lugar nos termos que recolle a citada carta, polo que esta administración quere aclarar as seguintes cuestións:

1º.- Na reunión levada a cabo - a pedimento do Concello de Vigo- o pasado 22 de xullo de 2024, esta administración insistiu en que a compañía modificou un requisito establecido no Prego de Prescricións Técnicas que rexe o contrato, e o fíxo de maneira unilateral, sen ningún tipo de comunicación nin xustificación ante este Concello.

2º.- Na devandita reunión, o Concello de Vigo advertiu de que deben de xustificar por escrito as circunstancias que condicionaron a redución na prestación de frecuencias, o que suporá ou ben unha proposta de compensación ao Concello de Vigo pola perda das frecuencias ou ben a redución do prezo do contrato. A alternativa non pode supoñer un prexuízo para os intereses municipais en relación ao contrato. Así mesmo, informámoslles que calquera acción suporá, necesariamente e conforme a lexislación en vigor, unha modificación contractual.

3º.- Finalmente deixar moi claro que o Concello de Vigo, en ningún momento, manifestou conformidade coa redución dunha frecuencia semanal durante o mes de xullo, nin con ningunha outra ulterior modificación unilateral das condicións contractuais por parte da compañía.

Polo exposto e co fin de dar cumprimento ás condicións de execución do contrato de servizo para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa cidade de Londres, espérase que no prazo máis inmediato posible presenten escrito, no que xustifiquen as circunstancias que condicionaron esta redución na prestación de frecuencias semanais e unha proposta de compensación pola perda das mesmas ou ben a redución do prezo do contrato, para os efectos de realizar os trámites legalmente preceptivos para o cumprimento das condicións contractuais, como non podía ser doutra maneira, que terá que ser aprobada por esta administración, en aras da defensa dos intereses xerais.”

V.- En data 14 de agosto, o Servizo de Turismo recibe, vía E-mail, nova carta da compañía que expón o seguinte:

“Como comentamos, os nosos atrasos nas entregas de Boing (que é un evento de forza maior) obrigan a Ryanair a cancelar 1 frecuencia semanal entre Londres, Stansted e Vigo para xullo e setembro. Con todo, como acto de boa vontade baseado na excelente relación de longa duración entre Ryanair e o Concello, Ryanair puxo á venda unha frecuencia semanal adicional (de 2 a 3 frecuencias semanais) de forma excepcional, en novembro e decembro de 2024. Utilizaremos as frecuencias adicionais de inverno para abordar a estacionalidade de Vigo e promocionar a cidade como un destino durante todo o ano para os nosos pasaxeiros.

Confío en que este asunto xa estea resolto e pídolle que o confirme por escrito.”

VI.- No informe do servizo de Turismo, de data 10 de outubro de 2024 se recolle no punto IV INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL, no seguinte senso:

“... resulta que o contratista reduciu a frecuencia de voos semanais fixada contractualmente e procede unilateralmente á modificación dos termos do contrato sen seguir a tramitación establecida na Lei de Contratos do Sector Público nin existir ningún acordo do órgano de contratación que a autorice.

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este contrato na súa cláusula 35.1 establece “Considérase incumplimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións establecidas neste prego e nas demais normas de aplicación xeral por causas que lle resulten imputables”. Polo que se considera que houbo un incumplimento contractual.

Así mesmo, dispón a cláusula 35.3 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato “Impóranse penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumplimentos contractuais defectuosos previstos a continuación:

“... ”

b) Incumplimento de criterios de adxudicación. Para considerar que o incumplimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada”

De acordo, coa xa citada cláusula 16.B) do prego de cláusulas administrativas particulares pola que se establecen os criterios avaliábeis mediante fórmula, as ofertas que non iguallen ou melloren estas frecuencias serán excluídas da licitación, establecendo o seguinte mínimo de frecuencia semanais:

- 2 en tempada de inverno (meses de novembro a marzo)*
- 3 en tempada de verán (abril a outubro)*

Nese caso a oferta xa non sería a mellor valorada, porque quedaría excluída do procedemento.

Cabe destacar que establece a cláusula 35.5 do prego de cláusulas administrativas particulares, “Terán a consideración de supostos de incumplimento ou cumprimento defectuoso moi grave:

“... ”

K) O incumplimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato” sendo este o incumplimento de contrato que se expón”

E o punto V de IMPOSICIÓN DE PENALIDADES, establece no mesmo informe:

“De acordo coa cláusula 37 do prego de cláusulas administrativas particulares pola que establecen “Penalidades”, dispón no seu apartado segundo: “No resto dos supostos de incumplimento contractual ou incumplimento defectuoso, a contía de penalidades será:

“... ”

c) Ata un 10% do prezo do contrato sen IVE se o incumplimento ou o cumprimento defectuoso fose moi grave”.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

O incumprimento do contrato recae sobre os meses de xullo e setembro do ano 2024 pola redución dunha frecuencia semanal, o que supón que non se realizaron 8 voos (un voo por cada semana, 4 voos no mes de xullo e 4 voos no mes de setembro).

Como relataba, o incumprimento está tipificado como moi grave e pode supoñer a imposición dunha penalidade dun máximo do 10 % do prezo do contrato, IVE excluído (150.000,00 € importe máximo da sanción).

En aras a obxectivizar o importe da penalidade que se pretende propor, terase en conta que o contrato ten unha vixencia de 143 semanas que, multiplicadas polas frecuencias establecidas no PPT, suman un total de 379 frecuencias (en todo o contrato).

O prezo do contrato sen IVE ascende a 1.500.000,00 €, que dividido entre o número total de frecuencias (379) suporía que cada frecuencia tería un valor de 3.957,7836 € (1.500.000,00 € sen IVE / 379 frecuencias). Neste cómputo non temos en conta as perdas económicas que para a cidade de Vigo supuxo a perda destes voos.

Os voos non realizados foron 8 (4 no mes de xullo e 4 no mes de setembro), e segundo o cómputo anterior cada voo/frecuencia estaría valorada en 3.957,7836 €; polo que tendo en conta o incumprimento de 8 voos, a sanción inicial proposta é de 31.662,2688 €, que suporía o 2,1108% do prezo total do contrato, o que é inferior o importe máximo do 10 % de penalidade previsto nos pregos."

VII.- Por resolución da concelleira delegada de área de 11.10.2024 acordouse:

PRIMEIRO.- Incoar o procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 31.662,2688€ (2,1108% do prezo do contrato, IVE excluído), no contrato de servizo de promoción turística do destino Vigo, a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025, polo incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario (non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024) na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato, tipificado como incumprimento moi grave na cláusula 35. 5 K dous PCAP.

SEGUNDO.- Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos.

Na mesma data notifícase a través do Rexistro Xeral do Concello á compañía Ryanair Dac a Resolución adoptada. Dita resolución foi recibida pola empresa con data 14.10.2024.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

Ley 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

ALEGACIÓNS DA COMPAÑÍA RYANAIR D.A.C.

En data 5 de novembro de 2024 a compañía RYANAIR D.A.C. presenta a través do Rexistro Xeral do Concello, (Nº entrada 240340081, adxunto ao Expediente 8712-104), a seguinte documentación:

- “Escrito de alegacións á incoación de procedimientto para imposición de penalidades”
- Poder notarial da compañía Ryanair Limited que, segundo consta no escrito de alegacións, “se transformó en RYANAIR, D.A.C., con efectos a fecha 15 de setembro de 2016, de conformidade con el Derecho irlandés”.
- Xustificante de presentación.

As alegacións baséanse en tres puntos:

“1. RYANAIR SE VIO OBLIGADA A REDUCIR LA FRECUENCIA DE VUELOS SEMANALES POR UN SUCESO INEVITABLE: RETRASO EN LA ENTREGA DE NUEVAS AERONAVES POR EL FABRICANTE BOEING.

2. FALTA DE RESPUESTA DEL AYUNTAMIENTO SOBRE LA POSIBLE MODIFICACIÓN DEL CONTRATO. MEDIDAS ADOPTADAS POR RYANAIR PARA COMPENSAR LA REDUCCIÓN DE FRECUENCIAS.

3. DESPROPORCIÓN DE LA PENALIDAD PREVISTA.”

Sobre o primeiro punto, remítome ao informe xurídico, polo que infórmase sobre os puntos 2 e 3 das alegacións presentadas.

I.- ALTERACIÓN DOS CRITERIOS CONTRACTUAIS DE FORMA UNILATERAL

A compañía Ryanair alega, no punto 2, a falta de resposta do Concello sobre a posible modificación do contrato e medidas adoptadas por Ryanair para compensar a redución de frecuencias, e dispón:

“Recordamos, ademais, que, hasta la incoación del procedimientto de penalidad, RYANAIR y el Ayuntamiento se hallaban valorando la propuesta -del propio Ayuntamiento- para modificar el Contrato, de forma que la redución de vuelos de julio y setembro fuese recuperada entre los meses de novembro y diciembre, coincidiendo con la temporada de Navidad.

RYANAIR había llegado incluso a confirmar al Ayuntamiento, por escrito, su disposición a recuperar las frecuencias de vuelos en los meses de novembro y diciembre. Sin embargo, RYANAIR no ha recibido nueva respuesta del Ayuntamiento sobre la modificación del contrato, sino que directamente ha pasado a pretender la imposición de penalidad.”

Como se reflexa no E-mail enviado en data 2 de agosto, esta administración insistiu en que a compañía modificou un requisito establecido no Prego de Prescripcións Técnicas que rexe o contrato, e o fíxo de maneira unilateral, sen ningún tipo de comunicación nin xustificación ante este Concello.

Así mesmo o Concello de Vigo advertiu de que deben xustificar por escrito as circunstancias que condicionaron a redución na prestación de frecuencias, o que suporá ou ben unha proposta de compensación ao Concello de Vigo pola perda das frecuencias ou ben a redución do prezo do contrato. Indicando que a alternativa non pode supoñer un prexuízo para os intereses municipais en relación ao contrato. Así mesmo, se lles informa que calquera acción suporá, necesariamente e conforme a lexislación en vigor, unha modificación contractual.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Finalmente se lles indica que se esperaba que no prazo máis inmediato posible presentasen escrito, no que se xustificasen as circunstancias que condicionaron esta redución na prestación de frecuencias semanais e unha proposta de compensación pola perda das mesmas ou ben se procedería á redución do prezo do contrato, para os efectos de realizar os trámites legalmente preceptivos para o cumprimento das condicións contractuais.

En data 14 de agosto, a compañía RYANAIR D.A.C. informa a través de Email, dunhas alteracións das condicións contractuais adoptadas de forma unilateral, parte delas xa consumadas o que supón un incumplimento contractual, e de ningún modo a compañía solicita unha modificación do contrato.

Á vista do exposto, considero que non procede estimar a alegación, xa que non consta ningunha petición presentada polo rexistro municipal de modificación contractual pola empresa Ryanair DAC.

II.- PENALIDADE DESPROPORCIONADA

O escrito de alegacións da compañía Ryanair relata unha desproporcionalidade da penalidade prevista do seguinte modo:

“la fijación del importe de 31.662,2688 € es excesiva porque presupone que la totalidad del precio del Contrato (1.500.000 €) se viene abonando a RYANAIR para operar un total de 379 frecuencias de vuelo.

Es excesivo fijar el importe de la penalidad prorrateando el precio total del contrato entre 379 frecuencias, porque se olvida que, buena parte del precio del Contrato se destina a la realización del plan de medios / campaña de marketing comprometida por RYANAIR, que ha cumplido fielmente: en atención a las Cláusulas 3 y 4 PPT de la licitación, RYANAIR ofreció un plan de medios, que ha venido ejecutando, consistente en acciones promocionales periódicas del destino turístico Vigo (enlaces web, banners, mensajes en redes sociales, etc.).

Recordamos que, en la Memoria Económica de la licitación, se incluían “estimaciones de precios de mercado” para cada año del Contrato, en los que la totalidad del precio se asignaba totalmente a las acciones promocionales de enlaces web, newsletters, banners y RRSS (60.000'- €, 390.000'- €, 60.000'- € y 5.000'- € por año, respectivamente).

Y, en cuanto a los Criterios de valoración de las ofertas, según el PCAP de la licitación, los criterios evaluables mediante juicio de valor, directamente relacionados con la valoración del plan de organización de las acciones de promoción, tenía asignado 20 puntos.

A su vez, los criterios objetivos evaluables de forma automática, directamente relacionados con la oferta de plazas, tenían asignados 55 de los 80 puntos (el resto, 25, se asignaron a la oferta con reducción del precio de la licitación).

Esto es, sólo 55 de los 100 puntos estaba asignado directamente a la oferta de plazas, mientras que 45 de los 100 puntos no se relacionaba directamente con la oferta de plazas.

Conforme a lo anterior, si procediera hipotéticamente imponer alguna penalidad a RYANAIR, que no procede, el importe previsto de la penalidad (31.662,2688'- €) debería reducirse: bien en un 80% (6.332,45'- €); o, como mínimo, en un 45% (17.414,41'- €).”

Conforme ao exposto no escrito de alegacións, se toma en consideración o argumento presentado pola compañía RYANAIR DAC, mediante o que, seguindo o criterio de obxectividade e proporcionalidade no cómputo da penalidade proposta, considérase procedente estimar unha redución do 45%, proposta pola compañía, quedando reducida a 17.414,2478 €.

O escrito de alegacións tamén expón que “a pesar de los retrasos en la entrega de aeronaves que sigue sufriendo, RYANAIR tomó la medida de compensar la reducción de frecuencias habida en julio

y septiembre, con una frecuencia adicional para los meses de noviembre y diciembre. Incluso, RYANAIR puso los billetes de avión de esos vuelos adicionales a la venta, de buena fe, sin esperar la respuesta formal del Ayuntamiento, para la modificación del contrato”.

Se ben é certo que Ryanair DAC, de forma unilateral, puxo á venda unha frecuencia semanal adicional á contratada polo concello de Vigo (de 2 a 3 frecuencias semanais) de forma excepcional, en novembro e decembro de 2024, tamén constatouse que posteriormente modifica esta operativa.

En data 29.01.25 a entidade AENA envía certificación de las operacións aéreas realizadas pola compañía Ryanair na ruta Vigo-Stansted, nos meses de novembro e decembro de 2024, na que constata:

- O mes de novembro a operativa acredita vos, os venres e domingos, ademais do 4 e do 11 de novembro 2024.

- O mes de decembro a operativa acredita vos nas datas 2, 5, 8, 13, 15, 20, 22, 23, 27, 29, 30 e 31 de decembro 2024.

Polo tanto, a ampliación inicial da operativa aludida, que supoñía o incremento dunha frecuencia semanal, foi posteriormente cancelada. De acordo co exposto, non se pode considerar que houbese unha reparación do dano, senón todo o contrario, xa que o feito de incrementar unha frecuencia e cancelala posteriormente de forma unilateral supuxo un prexuízo para os viaxeiros que xa tiñan comprado o billete.

Por todo o exposto e xa que prevalece a operativa inicial de dous vos semanais no período comprendido nos meses de novembro e decembro 2024, considérase que non houbo reparación do dano causado, polo que non sería de aplicación do criterio de gradación previsto nos pregos de “d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado”.

A maiores, e en base ao alegado, con rexistro de saída número 178471-2024-1 e 178472-2024-1, de 19 de novembro, requírese a Ryanair D.A.C. “Que acredite as accións de promoción realizadas durante o ano 2024”.

Con rexistro de entrada núm. R20240106899, de 10 de decembro, fóra do prazo concedido, presenta documentación xustificativa das accións de promoción realizadas dende xaneiro de 2024 ata a data de presentación de dita documentación.

As accións de promoción presentadas, presuntamente implican un novo incumprimento de contrato xa que as accións de promoción xustificadas non cumpren co establecido nas cláusulas 3 e 4 do Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Por este motivo, considerase procedente incoar un novo expediente sancionador para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC, previa audiencia ao contratista, que será obxecto doutro expediente”.

Con data 29.01.2025 a secretaria de administración municipal emite informe sobre as alegacións presentadas, cuxo tenor literal é o seguinte:

“INFORME XURÍDICO

PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ, secretaria de administración municipal do concello, informa:

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Por resolución da concelleira delegada de área de 11.10.2024 acordouse:

***“PRIMEIRO.-** Incoar o procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 31.662,2688€ (2,1108% do prezo do contrato, IVE excluído), no contrato de servizo de promoción turística do destino Vigo, a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025, polo incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario (non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024) na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato, tipificado como incumprimento moi grave na cláusula 35. 5 K dous PCAP.*

***SEGUNDO.-** Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos”.*

Dita resolución foi notificada e recibida pola empresa con data 14.10.2024.

Por rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 recíbense alegacións de RYANAIR DAC ao trámite de audiencia realizado.

As alegacións baséanse en tres puntos:

“1. RYANAIR SE VIO OBLIGADA A REDUCIR LA FRECUENCIA DE VUELOS SEMANALES POR UN SUCESO INEVITABLE: RETRASO EN LA ENTREGA DE NUEVAS AERONAVES POR EL FABRICANTE BOEING.

2. FALTA DE RESPUESTA DEL AYUNTAMIENTO SOBRE LA POSIBLE MODIFICACIÓN DEL CONTRATO. MEDIDAS ADOPTADAS POR RYANAIR PARA COMPENSAR LA REDUCCIÓN DE FRECUENCIAS.

3. DESPROPORCIÓN DE LA PENALIDAD PREVISTA.”

Dado que a compañía nas súas alegacións fai referencia ás accións de promoción realizadas, con rexistro de saída número 178471-2024-1 e 178472-2024-1, de 19 de novembro, requírese a Ryanair D. A. C. “Que acredite as accións de promoción realizadas durante o ano 2024”.

Con rexistro de entrada núm. R20240106899, de 10 de decembro, fóra do prazo concedido, presenta documentación xustificativa das accións de promoción realizadas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Sobre a redución da frecuencia por un suceso inevitable: retraso na entrada de novas aeronaves polo fabricante Boeing

Segundo a empresa, “la reducción de frecuencias se ha debido a un suceso inevitable, que se halla fuera del control de RYANAIR, cual es el retraso continuo del fabricante Boeing en entregar a RYANAIR los pedidos de nuevas aeronaves, lo que ha dejado a RYANAIR en una situación de carencia de aeronaves, para operar las rutas con las frecuencias proyectadas”.

(...)

“Entendemos, por tanto, que la causa de la reducción de las frecuencias es un supuesto claro de caso fortuito o fuerza mayor que, conforme al Artículo 1.105 CC (aplicable al Contrato, ex. Artículo 25.2 LCSP), exonera a RYANAIR de responsabilidad”.

Obsérvase que os motivos de forza maior alegados baséanse en condicións externas – retrasos nas entregas de novas aeronaves –.

Examinado o expediente da licitación de contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104) obsérvase que o anuncio da licitación publícase o 30.11.2022 na Plataforma de Contratación do Sector Público e a empresa Ryanair DAC presentou súa oferta o 15.12.2022, asinando e iniciando o contrato o 28.04.2023.

Na data na que a empresa presentou a oferta era coñecedora dos retrasos do fabricante Boeing, e así constátase no informe anual das contas do exercicio 2022 presentado pola empresa - nas páxinas 81 ou 117 faise referencia aos retrasos na entrega de avións -.

Nestas datas, tamén eran públicamente coñecidos os retrasos nas entregas de Boeing por problemas de suministros; sirva de exemplo unha noticia:

<https://a21.com.mx/aeronautica/2022/11/01/retrasa-boeing-sus-entregas-por-problemas-externos-de-suministro>

Aínda coñecendo estas vicisitudes, a empresa preséntase á licitación e oferta as frecuencias semanais contratadas.

A día de hoxe, seguen existindo problemas nas entregas de novas aeronaves polo fabricante Boeing.

Aínda así, no mercado existen empresas adicadas ao arrendamento de avións como Air Lease Corporation ou AerCap Holdings – das que constátase nas súas páxinas webs que son clientes moitas compañías aéreas – e ás que podía acudir a adxudicataria para o correcto cumprimento contractual e solventar temporalmente a suposta carencia de avións.

O artigo 197 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), establece que a execución dos contratos realízase a risco e ventura do contratista; se ben un dos supostos que pode permitir a excepción da aplicación do principio de risco e ventura é un suposto de forza maior.

O artigo 239. 2 do mesmo corpo legal – para a execución dos contratos de obras – enumera os supostos de forza maior:

“2. Tendrán la consideración de casos de fuerza mayor los siguientes:

a) Los incendios causados por la electricidad atmosférica.

b) Los fenómenos naturales de efectos catastróficos, como maremotos, terremotos, erupciones volcánicas, movimientos del terreno, temporales marítimos, inundaciones u otros semejantes.

c) Los destrozos ocasionados violentamente en tiempo de guerra, robos tumultuosos o alteraciones graves del orden público”.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

A enumeración tasada na LCSP dos supostos de forza maior aconsella unha interpretación restritiva destes.

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, no informe do expediente 38/20 – relativo á posible aplicación da forza maior nun incremento de custes de obras pola COVID-19 - examinou a cuestión da forza maior dispoño que:

“El principio “casum sentit dominus” sólo puede ceder, en caso de fuerza mayor, cuando la obligación no pueda ser cumplida. Así lo declara el Tribunal Supremo (Sala de lo Civil), en su Sentencia núm. 637/1999 de 13 julio, al precisar respecto de la fuerza mayor “su carácter absoluto productor de un incumplimiento “legal” de las obligaciones.” En efecto, la Jurisprudencia viene exigiendo como requisitos de la fuerza mayor que “el hecho sea, además de imprevisible o que previsto sea inevitable, insuperable e irresistible y que, por aplicación de los arts. 1182 y 1184 del C. Civ. Haga imposible el cumplimiento de una obligación previamente contraída o impida el nacimiento de la que, conforme a los arts. 1902 y 1903 y siguientes del mismo Código sustantivo, pueda sobrevenir, debiendo existir entre el daño producido y el evento que lo produjo un nexo de causalidad eficiente.” (Sentencia del Tribunal Supremo, Sala de lo Civil, de 18 de noviembre de 1980). En el mismo sentido se pronuncia el Tribunal Supremo (Sala de lo Civil, Sección1ª) en su Sentencia núm. 1321/2006 de 18 diciembre, donde señala que “la fuerza mayor ha de entenderse constituida por un acontecimiento surgido «a posteriori» de la convención que hace inútil todo esfuerzo diligente puesto en la consecución de lo contratado (S. 24 de diciembre de 1999)”.

Como pode observase, a propia Xunta Consultiva non admitiu con carácter xeral a situación dunha pandemia mundial como causa de forza maior polo que entendo que menos poderían admitirse as causas alegadas por Ryanair que, primeiro, non eran imprevisibles, como quedou acreditado en liñas precedentes, e, segundo, non eran inevitables, insuperables nin irresistibles, pois podería acudir ao arrendamento de aeronaves.

O incumprimento do contratista non pode encadrarse dentro da forza maior, e sí nunha falta de dilixencia deste, o que conleva un incumprimento contractual moi grave tipificado na cláusula 35. 5 k) pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares – aprobados en sesión de 24.11.2022 da Xunta de Goberno Local –, “O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato”.

Polo tanto, considero que non proceder estimar a alegación ao entender que non estamos ante un suposto de forza maior como explico nas liñas precedentes.

2. Sobre a falta de resposta do concello sobre a posible modificación do contrato. Medidas adoptadas por Ryanair para compensar a redución de frecuencias

Remítome ao informe da responsable do contrato e técnica do servizo de Turismo, de 10.10.2024 e de 29.01.2025, no que relata ás comunicacións ca compañía.

Nese informe queda constatado que esta administración ten constancia informal dos incumprimentos das frecuencias a posteriori, polo que, na hipótese de que fose posible a modificación contractual – que non é obxecto deste informe - esta debía ser tramitada antes do incumprimento, e á instancia do adxudicatario, nunca do concello de Vigo. Foi Ryanair quen comprometeuse con esta administración a realizar un número de frecuencias semanais e para iso suscribiu, a cambio dun prezo, un contrato con esta administración.

Polo tanto, considero que non procede estimar a alegación, xa que non consta ningunha petición presentada polo rexistro municipal de modificación contractual pola empresa Ryanair DAC e así está acreditado no informes da responsable do contrato e técnica do servizo de Turismo.

Ademáis, non é certo que Ryanair adoptase medidas para compensar a redución de frecuencias, tal e como consta no informe de AENA de 28.01.2025 e da responsable do contrato de 29.01.2025 do que nos ocuparemos no seguinte apartado.

3. Sobre a desproporción da penalidade prevista

Debe lembrarse a Ryanair que, como establecen os pregos reguladores da contratación, o contrato ten natureza administrativa, non civil, polo que haberá que estar ao previsto na lexislación administrativa e contractual para resolver as controversias xurdidas durante a execución deste, nunca á lexislación civil á que alega o interesado.

Como informa a responsable do contrato e alega o contratista, só o 55% da puntuación total da licitación asignouse ás prazas ofertadas, e o 45 % restante ás accións de promoción ofertadas pola compañía.

Por este motivo, e en base ao alegado, con rexistro de saída número 178471-2024-1 e 178472-2024-1, de 19 de novembro, requírese a Ryanair D. A. C. "Que acredite as accións de promoción realizadas durante o ano 2024".

Con rexistro de entrada núm. R20240106899, de 10 de decembro, fóra do prazo concedido, presenta documentación xustificativa das accións de promoción realizadas dende xaneiro de 2024 ata a data de presentación de dita documentación.

Segundo informa a técnica do servizo de Turismo en informe de 29.01.2025 as accións de promoción presentadas, presuntamente poderían implicar un novo incumprimento de contrato xa que as accións de promoción xustificadas non cumpren co establecido nas cláusulas 3 e 4 do Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Non obstante, presuntamente, estamos un novo incumprimento contractual, cun obxecto diferente ao expediente en tramitación polo que, co fin de dotar de maior seguridade xurídica a tódalas partes e garantir o dereito de audiencia ao suposto infractor, debe ser obxecto de tramitación por separado.

Sen perxuízo disto, e seguindo o criterio de obxectividade e proporcionalidade no cómputo da penalidade proposta, en base ás frecuencias contratadas, considérase oportuno reducir a penalidade na porcentaxe que os pregos asignan ás accións de promoción ofertadas pola compañía, quedando reducida a posible sanción máxima a impor a 17.414,2478 €.

A pesar disto, e ao quedar constatado un presunto novo incumprimento contractual, considero procedente incoar un novo expediente para impor unha nova penalidade por este novo incumprimento, tal e como tamén recolle a responsable do contrato no seu informe.

A cláusula 36 dos pregos establece criterios e gradación dos incumprimentos:

- "a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.
- c) A reincidencia, por ter incorrido no termo dun ano en máis dun incumprimento contractual polo que se lle impuxese unha penalidade polo órgano de contratación.
- d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado".

Se ben Ryanair, de forma unilateral, puxo á venda unha frecuencia semanal adicional á contratada polo concello de Vigo (de 2 a 3 frecuencias semanais) de forma excepcional, en novembro e decembro de 2024, segundo informou AENA o 28.01.2025 a operativa inicialmente prevista foi posteriormente cancelada, polo que non procedería unha redución da sanción proposta ao non existir nin-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

gunha reparación do dano causado. Remítome ao relatado pola responsable do contrato no informe de 29.01.2025.

Polo tanto, considero que procede estimar parcialmente a alegación, pero só respecto á redución da sanción na porcentaxe que os pregos asignan á puntuación por accións de promoción (45%) – debendo iniciarse un expediente sancionador por este novo incumprimento, dando audiencia ao contratista – pero non no referente á reparación do dano.

Respecto ao procedemento para a imposición de penalidades, está regulado na cláusula 38 dos pregos:

“I. Órgano competente

As penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno local.

II. Procedemento

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días.

Este acordo será inmediatamente executivo.

Se o incumprimento puidera conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

III. Pagamento das penalidades

Realizarase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo”.

En sentido similar pronúnciase o artigo 192 e seguintes da LCSP 2017:

“Los pliegos o el documento descriptivo podrán prever penalidades para el caso de cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del mismo o para el supuesto de incumplimiento de los compromisos o de las condiciones especiales de ejecución del contrato que se hubiesen establecido conforme al apartado 2 del artículo 76 y al apartado 1 del artículo 202. Estas penalidades deberán ser proporcionales a la gravedad del incumplimiento y las cuantías de cada una de ellas no podrán ser superiores al 10 por ciento del precio del contrato, IVA excluido, ni el total de las mismas superar el 50 por cien del precio del contrato.

Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incumplido parcialmente la ejecución de las prestaciones definidas en el contrato, la Administración podrá optar, atendidas las circunstancias del caso, por su resolución o por la imposición de las penalidades que, para tales supuestos, se determinen en el pliego de cláusulas administrativas particulares o en el documento descriptivo”.

Respecto as contías das penalidades, en caso de incumprimentos moi graves, a cláusula 37. 2 c) as cuantifica nun máximo do 10% do prezo do contrato sen IVE, aplicando as graduacións antes referidas e recollidas na cláusula 36 PCAP.

Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

Dado que o contrato atópase vixente, considérase que antes de incautar a garantía definitiva procedería a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista.

Dado pola concellería delegada incouse o procedemento e deuse audiencia ao contratista e posto que o contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local considérase que é o órgano competente, a proposta do responsable do contrato, para a imposición de penalidades por cumprimento defectuoso do contrato (artigo 38. II dos pregos de cláusulas administrativas)".

Á vista dos informes referidos e como técnica do servizo de Turismo, e responsable do contrato segundo a cláusula 15 da memoria xustificativa do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 24.11.2022, propónse que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente as alegacións primeira e segunda presentadas con rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 de RYANAIR DAC.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente a alegación terceira presentada con rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 de RYANAIR DAC, respecto á redución da sanción na porcentaxe que os pregos asignan á puntuación por accións de promoción (45%), pero non no referente á reparación do dano.

TERCEIRO.- Impor unha penalidade á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) do 1.161% do prezo do contrato, que ascende a 17.414,2478 €, polo incumprimento dos compromisos ofertados como adxudicataria na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato:

Non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024

Estes incumprimentos están tipificados como incumprimentos moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

CUARTO.- Proceder á reclamación da cantidade acordada mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

QUINTO.- Notificar este acordo a Ryanair DAC e aos servizos de intervención e tesourería ao efecto da dedución da cantidade pola penalidade imposta.

SEXTO.- Solicitar a concelleira da Área de Política Social e Turismo que incoe un novo procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo presunto incumprimento contractual detectado referente ás accións de promoción realizadas.

O acordo esgota a vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Administracións Públicas. Contra ela cabe a presentación de recurso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación, segundo dispoñen os artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer previamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, de conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes, cos efectos desestimatorios por silencio administrativo previstos no artigo 24 da citada Lei 39/2015.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(74).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES E MANTEMENTO DA SALA DE ESTUDO, DA AULA DA UNED DE VIGO E OUTROS ESPAZOS NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 97465/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

Visto o informe de fiscalización do 30/01/2025 sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da sala de estudo, da aula da UNED de Vigo e doutros espazos no edificio Auditorio-Pazo de Congressos (97.465-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da sala de

estudo, da aula da UNED de Vigo e doutros espazos no edificio Auditorio-Pazo de Congresos (97.465-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudo, da Aula da UNED e doutros espazos no edificio do Auditorio-Pazo de Congresos na avenida Beiramar.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 06/09/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 23/09/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudo, da Aula da UNED e doutros espazos no edificio do Auditorio-Pazo de Congresos na avenida Beiramar.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 329.879,09 euros (272.626,52 euros máis 57.251,57 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da Sala de Estudo, da Aula da UNED e doutros espazos no edificio do Auditorio-Pazo de Congresos na avenida Beiramar, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3231.227.9902 “Funcionamento Aula de Estudos Beiramar”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 9.163,28 euros correspondentes ao ano 2024;*
- 109.959,36 euros correspondentes ao ano 2025;*
- 109.959,36 euros correspondentes ao ano 2026;*
- e 100.796,08 euros correspondentes ao ano 2027.*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de xaneiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de decembro de 2024, de AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, SL por superar a súa oferta o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP “As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.”)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 10 de xaneiro de 2025 de xustificación das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentada por INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, SL e COMBINA SOCIAL, SL neste procedemento.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da sala de estudo, da aula da UNED de Vigo e doutros espazos no edificio Auditorio-Pazo de Congresos (97465-332) na seguinte orde descendente:

	Empresa	Puntuación Total
1º	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, SL	97,06
2º	COMBINA SOCIAL, SL	79,27
3º	INTEGRACIÓN SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS, SL	60,62
4º	ANDANZA EMPLEA, SL	58,12
5º	OSGA, SL	39,11

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L., o día 14 de xaneiro de 2025, que presenta a documentación requirida o 17 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de xaneiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 de decembro de 2024 e 7 de xaneiro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación , na sesión do 20 de decembro de 2024, de AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, SL por superar a súa oferta o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP “As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas”).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Segundo.- Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares e mantemento da sala de estudo, da aula da UNED de Vigo e doutros espazos no edificio Auditorio-Pazo de Congresos (97.465-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 243.978,07 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 42.343,31 euros:

	Importe C/IVE	Importe IVE
Prezo total	243.978,07 €	42.343,31 €
Parte fixa	189.371,14 €	32.866,07 €
Parte variable	54.606,93 €	9.477,24 €

- b) O prezo total unitario da bolsa de horas é de 13,99 euros/hora, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,43 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(75).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL DE CEDRO. EXPTE. 2740/315.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Visto o informe de fiscalización do 30/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/01/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramítase no Exp. nº 3007/315 do Servizo de CEDRO, incoado o 23.08.2024, o procedemento aberto para a nova contratación do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO que debería estar en vigor a partir do 30.11.2024.

I.2. Tendo en conta as múltiples incidencias na súa tramitación (procedemento de contratación deserto expte. 2993-315.) e que a vixencia do actual contrato, subscrito o 27.11.2019 coa entidade EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. (Exp. nº 2740/315) por un prazo inicial de tres (3) anos contados desde o 01.12.2019 (prorrogado por 2 anos máis, do 01.12.2022 ó 31.11.2024; sen posibilidade de mais prórrogas, solicitouse do Servizo de Contratación que coa máxima urxencia propuxese ó órgano de contratación (XGL), previo informe da Asesoría xurídica municipal e da Intervención xeral (Disp. Adic. segunda e terceira LCSP) o acordo necesario para garantir a continuidade(art. 29.4LCSP) por dous (2) meses máis servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO partir do 01.12.2024.

I.3. A XGL adoptou acordo neste mesmo sentido na súa sesión do 28.11.2024, dispoñendo:

“1º-. A continuidade da prestación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (expediente 2740-315) nas mesmas condicións polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.

2º-.Autorizar o gasto para a continuidade do contrato co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de decembro de 2024 ata o 31 de xaneiro de 2025 (2 meses) por un importe de 131.544,62 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3112.2279901.

I.4. A día de hoxe, a XGL do 17.01.2025, acordou adxudicar este contrato a EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.. Con todo, tendo en conta que é susceptible de recurso especial en materia de contratación, non resulta posible que o novo contrato se formalice antes de que remate o novo prazo acordado (31.01.2025) polo que, para poder atender o gasto dun mes mais da continuidade acordada pola XGL, procede autorizar o correspondente gasto.

I.5. O gasto derivado da continuidade dos servizos, polo tempo estrictamente imprescindible ata a formalización do novo contrato (estimado nun máximo de 1 mes), poderá financiarse con cargo ó RC 12025000004528, por importe de 65.772,31€.

II. PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO, co obxecto de dar cobertura ós gastos derivados da prestación deses servizos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

desde o 01 de febreiro de 2025 e ata o 28 de febreiro de 2025 (1 mes) polo importe 65.772,31 €, con cargo ó RC 12025000004528.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(76).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA O PARQUE INFANTIL DE MIRANAIA. EXPTE. 51187/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Visto o informe xurídico do 03/01/2025 e o informe de fiscalización do 29/01/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/01/2025, asinado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 6 de setembro de 2024, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais de data 11 de setembro de 2024, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *Subministro e instalación de elementos de xogo para o parque infantil de Miranaia* (expte. 51187/446).
- 2.- En data 7 de novembro de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, a memoria económica (MEC), que foi posteriormente modificada en data 9 de decembro de 2024.
- 3.- En data 11 de novembro de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada na na aplicación 1710.6190015, proxecto 25171015, por unha contía de 153.753,78 euros, quedando diferida a emisión do documento contable de retención de crédito ao momento no que os créditos sexan executivos, toda vez que o procedemento tramítase como anticipado de gasto

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 5 de decembro de 2024, asínase pola enxeñeira técnica forestal do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 11 de novembro de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 12 de decembro de 2024, a técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Contratación emiten informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Contratación, con data 12 de decembro de 2024.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación informe sobre a existencia de crédito, emitido pola Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 26 de xuño de 2024 (BOP N° 134, de data 10/07/2024) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 11 de setembro de 2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 127.069,24€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de ***SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA O PARQUE INFANTIL DE MIRANAIA***, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 5 de decembro de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 12 de decembro de 2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 153.753,78€, que inclúe un IVE de 26.684,54€, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.6190015 “Parques infantís e biosaudables”, do orzamento do ano 2025.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(77).- REVISIÓN TARIFAS TRANSPORTE URBANO VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. EXPTE. 4855/449.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/01/2025, asinado pola xefa do servizo de Transportes, o xefe do servizo de Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, a titular da Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

A Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA do 3 de XANEIRO de 2025, adoptou o seguinte acordo:

REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2025. EXPTE. 4855/449.

Neste acordo o punto o apartado “Quinto” recolle:

“Aprobar o compromiso de implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social, relativo ás axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos para a aplicación final dunha bonificación do 50 %, sobre os importes dos abonos aplicados a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO, para o período do 1 de xaneiro o 30 de xuño de 2025, de acordo cos seguintes apartados:

A vista da nova tarifa proposta para o ano 2025 a través da tarxeta multiviaxes regulados a través da Tarxeta PASSVIGO, procede realizar os axustes correspondentes axustes das axudas do Estado, correspondentes a un 50 %, correspondendo o Concello de Vigo un porcentaxe do 20 % e o Estado un porcentaxe do 30 %:

	Con IVE		Bonificación axudas do Estado do 50 %		
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada ano 2025 PASSVIGO	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	Nova tarifa subvencionada
Venta contado	1,63 €	Non aplica	Non aplica	Non aplica	Non aplica
PassVigo - Billete normal -	1,63 €	1,12 €	0,23 €	0,33 €	0,56 €
PassVigo - Billete estudante -	1,63 €	1,08 €	0,22 €	0,32 €	0,54 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,63 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,63 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,63 €	0,85€	0,17 €	0,26 €	0,42 €
PassVigo - Billete social –	1,63 €	0,92 €	0,18 €	0,28 €	0,46 €

E no apartado “Sexto”:

Solicitar a axuda contemplada no Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social, relativo a axudas ao transporte urbano nos termos e contías que se establezan para dar cumprimento o período de prorroga das axudas na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento, Servizos e Deporte, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada polo Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, e de acordo cos condicionantes que estableza polo titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade Sustentable, relativo a axudas ao transporte urbano.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transporte, Mobilidade Sostible.

II.- Situación actualizada sobre o Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro .

Na sesión del Pleno do Congreso do día 22 de xaneiro de 2025 no convalidou o Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, do cal desprendese a publicación no BOE de data 23 de xaneiro de 2025 a *“Resolución do 22 de xaneiro de 2025, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de derogación do Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social.”*, do cal se deriva de forma expresa en relación o expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de xaneiro de 2023, a derogación da **“prorroga ata o 30 de xuño de 2025 das axudas previstas nos artigos 64 ao 70 o Real decreto lei 8/2023, do 27 de decembro, procede realizar a seguinte proposta para dar continuidade as axudas directas do Estado de acordo coa aplicación das tarifas para o ano 2025”**.

III.-Publicación do Real decreto lei 1/ 2025 de 28 de xaneiro.

Na data 29 de xaneiro de 2025 foi publicado no BOE o Real Decreto -ley 1/2025 de 28 de xaneiro polo que se aproban medidas urxentes en materia económica, de transporte, de Seguridade Social e para facer fronte a situacións de vulnerabilidade, que establece o seguinte no:

CAPÍTULO VII.- Otras medidas complementarias en materia de transportes Artículo

63. Régimen transitorio.

“Se restablece con efectos desde el 23 de enero de 2025 hasta el 30 de junio de 2025 la vigencia de las ayudas previstas en los artículos 64 al 70 del Real Decreto-ley 8/2023, de 27 de diciembre, previamente prorrogadas hasta el 22 de enero de 2025.”

III.- Proposta:

Tendo en conta o ata aquí exposto, e considerando que o contido do Acordo de data 3 de xaneiro de 2025 no relativo a aplicación dos descontos derivados das axudas, soamente seria de aplicación ate o 22 de xaneiro de 2025 e necesario en



CONCELLO DE VIGO

Expte.1833/1102

aplicación do disposto no Real Decreto Lei 1/2025 de 28 de xaneiro contemplar o período dende o 23 de xaneiro até o 30 de xuño de 2025 polo que formulase o seguinte informe-proposta para a posterior remisión a Xunta de Goberno Local, previo informe de Asesoría Xurídica e informe de fiscalización da Intervención Municipal, facendo constar que a adopción do mesmo non supón ningunha modificación económica do disposto no anterior Acordo:

PRIMEIRO .- “Aprobar o compromiso de implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 1/2025 de 28 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia económica, de transporte, de Seguridade Social e para facer fronte a situacións de vulnerabilidade, relativo ás axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos para a aplicación final dunha bonificación do 50 %, sobre os importes dos abonos aplicados a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO, para o período do 23 de xaneiro ao 30 de xuño de 2025, de acordo cos seguintes apartados:

A vista da nova tarifa proposta para o ano 2025 a través da tarxeta multivíaxes regulados a través da Tarxeta PASSVIGO, procede realizar os axustes correspondentes axustes das axudas do Estado, correspondentes a un 50 %, correspondendo o Concello de Vigo un porcentaxe do 20 % e o Estado un porcentaxe do 30 %:

	Con IVE		Bonificación axudas do Estado do 50 %		
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada a ano 2025 PASSVIGO	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	Nova tarifa subvencionada
Venta contado	1,63 €	Non aplica	Non aplica	Non aplica	Non aplica
PassVigo - Billete normal -	1,63 €	1,12 €	0,23 €	0,33 €	0,56 €
PassVigo - Billete estudante -	1,63 €	1,08 €	0,22 €	0,32 €	0,54 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,63 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,63 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,63 €	0,85€	0,17 €	0,26 €	0,42 €
PassVigo - Billete social –	1,63 €	0,92 €	0,18 €	0,28 €	0,46 €

SEGUNDO.-Solicitar a axuda contemplada no Real decreto lei 1/2025 de 28 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia económica, de transporte, de Seguridade Social e para facer fronte a situacións de vulnerabilidade, relativo a axudas ao transporte urbano nos termos e contías que se establezan para dar cumprimento o período de prorroga das axudas na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

TERCEIRO.-Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento, Servizos e Deporte, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada polo Real decreto lei 1/2025 de 28 de xaneiro, e de acordo cos condicionantes que se estableza por Orde Ministerial

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transporte, Mobilidade Sostible.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(78).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez